

cultura

O Festival de Jazz e a tempada da Filarmónica son as grandes citas de novembro. **Páx. 2 e 3**

zona rural

Os veciños constitúense como plataforma contra a suba de impostos. **Páx. 7**

economía

O Concello esixe á Xunta que se faga cargo do orzamento do SAF. **Páx. 11**

sociedade

A XIX edición do Concurso de Tapas de Lugo será do 8 ao 24. **Páx. 12**

deportes

O equipo feminino do Xabaríns Lugo ascende a Primeira Galicia sénior. **Páx. 29**

Máis preto do final das obras na zona centro



Entregados os terreos para a Comisaría

O Ministerio do Interior xa ten ao seu dispor os terreos escollidos en Abella. **Páx. 17**

A Deputación busca o apoio á muller rural

O Pleno aprobou unha moción socialista pola que insta á Xunta un plan para o sector. **Páx. 21**

Foliada Magosto



Entrevistamos aos Xílgaros, organizadores deste evento. **Páx. 5**

Asociación de Esperante



O colectivo leva 36 anos dinamizando a vida da parroquia. **Páx. 8**

Lóstregos Lucus



O club de hockey e patinaxe cumpre 23 anos de vida. **Páx. 29**

O CD Lugo feminino fixo historia

Xogou por primeira vez, ante o Gijón B, no Anxo Carro, onde obtivo un empate. **Páx. 30**

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS? CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo

Tel - 982 253 890

• 659 881 585

mail - administracion@mateoysanchez.es

Abre o prazo do XXX Certame Trapero Pardo

Maite Ferreiro anunciou a apertura do prazo para participar no XXX Certame de Contos e Relatos Curtos Trapero Pardo, dirixido a mozos e mozas de 12 a 18 anos dos centros educativos de Lugo. “Este certame é xa unha cita consolidada no calendario cultural da cidade, onde cada ano comprobamos a gran capacidade creativa da nosa mocidade”, destacou Ferreiro. Cada participante poderá presentar ata tres relatos, cunha extensión máxima de 3000 palabras. O concurso está dividido en dúas categorías: de 12 a 14 anos e de 15 a 18 anos, con tres premios por categoría.

As persoas gañadoras recibirán diplomas, lotes de libros e premios en metálico, que van dende os 70 até os 250 euros, segundo a categoría. Ademais, o xurado poderá outorgar mencións honoríficas a

outros relatos que considere merecedores de recoñecemento. Os relatos poderán enviarse ata o 23 de decembro, tanto de forma telemática ao correo da Concellería de Educación (educacion@lugo.gal), como presencialmente nas oficinas do centro de convivencia Uxío Novoneyra.

Na categoría de 12 a 14 anos os premios serán un diploma ademais dun premio en metálico dende os 200 euros para o primeiro ata os 70 para o que quede en terceiro lugar. Na categoría de 15 a 18 anos, os premios tamén comprenden un lote de libros e 250 euros para o gañador, 130 para o que quede en segundo lugar 100 para o que resulte terceiro. Este certame busca fomentar a creatividade literaria entre a mocidade e manter viva a tradición cultural da cidade.

O PP asegura que a “mala xestión” acabará coa Escola de Música

O PP afirma que a “mala xestión” de PSOE e BNG acabou coa banda asegurando que, neste momento, “traballan para acabar coa Escola de Música”. Para os populares supón “un exemplo máis da desastrosa política de persoal” do Goberno lembrando “a Relación de Postos de Traballo aprobada en 2019, co selo da que hoxe é a alcaldesa, que é insuficiente e está obsoleta xa que non reflicte a situación real dos servizos o que provoca protestas de sindicatos. A voceira popular Elena Candia suspendía ao Goberno en servizos de conciliación indicando como “primeiro tiveron en vilo a 800 familias

esperando información dos comedores escolares, logo o conflito laboral nas garderías municipais e, agora, a escola de música que a estas alturas, non ten data de inicio”. En relación á Escola Municipal de Música, a voceira popular criticou que nesta ocasión “PSOE e BNG teñan degradado ao seu persoal”, en alusión a que non lles pagan polas responsabilidades que asumen”. Pola súa parte, dende a Tenencia de Alcaldía indican que está en tramitación o necesario procedemento de renovación da Xunta Directiva da Escola Municipal de Música, que permita o agardado comezo do curso escolar 2024-2025.

O Festival de Jazz de Lugo conta este ano cun total de 24 concertos

O Festival de Jazz de Lugo celebra a súa 34ª edición dunha cita xa consolidada, que ten lugar do 1 ao 17 de novembro cunha serie de concertos. Un ano máis, a asociación de Amigos do Jazz Escobijazz, encargada de organizar o evento, reunirá na cidade a grandes figuras do jazz a nivel internacional e estatal e a recoñecidas formacións e músicos galegos do xénero.

De novo o programa inclúe 24 actuacións de grandes artistas que pasaran por algún dos tres espazos onde se desenvolve a nova convocatoria: Círculo das Artes, club Clavicémbalo e Casa do Saber. Entre os intérpretes e formacións que pisarán o escenario lucense encóntranse Lakecia Benjamin Quartet de EEUU. Tana Santana Quinteto dende Canarias, os galegos Savoy Club Big Band, o valenciano Pepe Zaragoza, Ju Young y Martín Otero, a galega Inés Carreño ou os cataláns Èlia Bastida Trío. Deste xeito acollerán tanto estrelas e grandes figuras internacionais como novos valores do mundo do Jazz e, por suposto, representantes do mellor jazz estatal e galego.

A lenda do jazz Bill Evans, a saxofonista nominada a tres Grammys



Lakecia Benjamin, a multipremiada directora e compositora María Schneider, o tamén saxofonista Vincent Herring, o virtuoso trompetista Jeremy Pelt ou o icónico cantante Kenny Washington, son outros dos representantes internacionais máis destacados, sen menoscabo de grandes propostas do jazz nacional como a de Tana Santana Quinteto ou a volta a cidade do recoñecidísimo cantaor e músico lucense Kiki Cortiñas, entre outras.

Trátase dun festival que segue a cultivar o gusto polo jazz entre o público lucense e que axuda a consolidar a imaxe da localidade como un escenario idóneo para acoller eventos

culturais de todos os ámbitos. Rubén Arroxo destacou o Festival de Jazz de Lugo como “unha actividade totalmente consolidada no calendario cultural de Lugo, que este ano chega á súa 34 edición e que fará que a nosa cidade acolla a unha importante selección de músicas e músicos de jazz referentes no panorama galego, estatal e internacional”. Citaranse así músicos procedentes dos Estados Unidos, Lugo, As Canarias, México, Líbano, Italia ou Corea. Arroxo animou a toda a veciñanza “a desfrutar do mellor jazz nunha que volve un ano máis para continuar a ampliar a programación de calidade que organizamos desde a área de Cultura”.

Mostra de fotoxornalismo galego

A praza de San Marcos acolle a exposición fotográfica *A Galicia inédita: unha ollada diferente sobre o fotoxornalismo galego*. Este proxecto, organizado pola Asociación de Periodistas de Galicia (APG) e o Colectivo Profesional de Fotoxornalistas de Galicia, chega a Lugo da man da Deputación e permanecerá exposto ata o 10 de novembro.

A exposición, que xa acadou case 12.000 visitas en Santiago de Com-

postela e que estivo presente tamén nas cidades de Pontevedra, Ourense, A Coruña e Ferrol, chega agora a Lugo por iniciativa da institución provincial.

O público poderá gozar en San Marcos das súas 73 imaxes, asinadas por fotoxornalistas que traballan en Galicia, complementadas con textos doutros tantos xornalistas que tamén desenvolven o seu labor na nosa comunidade. As fotografías que se expoñen na

mostra van máis aló da capacidade creativa dos seus autores e da instantánea de actualidade, con obras que plasman moi diferentes aspectos da nosa realidade social, económica e política, dende a vertente máis dura ou crúa como lumes forestais, narcotráfico, conflitos laborais, ata as manifestacións artísticas, culturais e festivas galegas. Tamén inclúe imaxes que reflicten a beleza paisaxística ou a xeografía humana da comunidade.

●	UNIVERSIDAD Grado en:			●	ABAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS	j.m.rivas ACADEMIA		
	ROBÓTICA	ENX. AGRÍCOLA	ENXEÑARÍA CIVIL					
	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II					
	BIOQUÍMICA	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA					
Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos		Matemáticas - Física Química - Lengua Gallego - Inglés Historia - Filosofía Biología - Geología Geografía Historia del Arte	●		ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS ATENCIÓN PERSONALIZADA GRUPOS REDUCIDOS Preparación específica para subir nota en ABAU		
C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22			jmrivas.es					

Doce concertos compoñen a nova tempada da Sociedade Filarmónica

Presentan a nova tempada de concertos da Sociedade Filarmónica de Lugo, que dará comezo o sábado 26 de outubro. Será a número 78, de forma ininterrompida, dende o ano 1947, alcanzando xa o número de 740 concertos cos máis recoñecidos músicos e agrupacións de todo o mundo. Doce concertos programados de outubro a xuño con orquestras, solistas e agrupacións de cámara de primeira fila que traerán á nosa cidade a mellor música.

Abriuse a tempada co concerto que ofreceu o prestixioso Ensemble Praeteritum Sinfónico no Círculo das Artes, o sábado 26 de outubro. O Ensemble Praeteritum é un conxunto instrumental creado polo violinista Pablo Suárez Calero en 2011 que dende 2023 converteuse tamén en formación de orquestra sinfónica sen a usual figura do director, tras unha longa e recoñecida traxectoria como conxunto de cámara.

Destaca tamén a presenza na tempada das tres orquestras sinfónicas galegas: a Real Filharmonía de Galicia con dúas datas (6 de decembro e 14 de decembro), dirixida por Nil Venditti e Amandine Beyer respectivamente; a Orquestra Sinfónica Vigo 430 con outras dúas datas (25 de xaneiro e 2 de marzo) baixo a dirección de Aarón Zapico e José Luis López Antón; e a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) que será a encargada de pechar o ciclo de concertos o 6 de xuño, dirixida neste caso polo seu director titular Roberto González-Monjas. Tamén solistas de gran prestixio internacional intervendrán na tempada, tanto con orquestras como en recitais: a violinista francesa Amandine Beyer, as pianistas Noelia Rodiles e Anastasia Makhamedrikova e a tamén violinista noruega Sonoko Miriam Welde serán algunhas delas.



Os concertos para violín e orquestra de Beethoven, Mendelssohn e Mozart, os concertos para piano de este último e sinfonías de Schubert ou Brahms serán os fitos máis sinalados na programación. A destacar da mesma forma a volta ao escenario do Círculo das Artes do Cuarteto Quiroga (26 de abril), sen dubida unha das agrupacións de música de cámara máis importante do noso país, se non a que máis, e que sempre é agardada con gran expectación polos afeccionados. O piano será o protagonista en dous recitais a cargo da francesa Diana Cooper (28 de novembro) e a xaponesa Miyu Shindu (8 de maio), ambas as dúas gañadoras de importantes concursos internacionais e entre eles o Concurso Internacional de Piano Cidade de Vigo.

Terá un lugar sinalado na tempada a sección denominada Filharmonía Km. 0, na que teñen cabida novos valores da música lucense; será o 15 de marzo o concerto a cargo do 1o Premio do último Concurso de Interpretación Musical Xosé Castiñeira do Conservatorio Prof. de Música Xoán Montes de Lugo, o frautista Iago López, que intervendrá xunto

a un quinteto formado por músicos lucenses de ampla traxectoria. A Banda Filarmónica de Lugo participará tamén na tempada o 23 de febreiro, nesta ocasión con Javier Viceiro como director invitado. Todos os concertos do ciclo serán no Círculo das Artes de Lugo ás 20.00 h. As persoas interesadas en adquirir o abono de tempada ou facerse socias da Sociedade Filarmónica pódono facer escribindo ao correo electrónico filmonicadelugo@gmail.com. As entradas para non socios, para os concertos soltos, poderanse adquirir o mesmo día da actuación nas oficinas do Círculo das Artes. Tamén haberá entradas para estudantes a prezo moi reducido e entrada de balde para menores de idade e estudantes do Conservatorio. A Tempada de concertos da Sociedade Filarmónica de Lugo conta co apoio e patrocinio da Área de cultura da Vicepresidencia primeira da Deputación Provincial, da Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo e de Caixa Rural Galega.

Pode consultarse a programación completa en www.lugoxa.com

Ferreiro: “Logrouse que Lugo siga tendo orgullo das súas festas”

Unha vez rematadas as festas, dende o Concello fan balance un ano máis das patronais que incluíron 200 actividades no seu programa. A edil de Cultura, Maite Ferreiro, indicou que “xa podemos dicir que todas as persoas que participaron destas festas puideron sentir o seu o San Froilán”. Ferreiro destacou que a asistencia de público ás distintas actividades foi “máis que satisfactoria”, e destacou a importancia non só dos múltiples concertos que ategaron as prazas Horta do Seminario, Santa María e Mosqueira, senón tamén “a animación de rúa e as actividades nos barrios que nos axudaron a conseguir o obxectivo de que todas as persoas que viven en Lugo ou nos visitan sentisen que as festas eran súas, e que a nosa veciñanza se sentise orgullosa de ser de Lugo”.

Ferreiro destacou a participación de colectivos e asociacións que programaron eventos encadrados no programa de festas e a grande participación dos máis pequenos nas 20 actuacións que completaban o programa do San Froilán Miúdo ou as múltiples actividades deportivas vencelladas ás datas das festas. O desfile de gando e a celebración de ExpoLugo ou a presenza do Mago Antón e os espectáculos de rúa xunto coa volta do desfile do traxe tradicional que celebrou o seu 52 aniversario, xunto coa exhibición de atletismo Salta na rúa, coa que o club de atletismo Lucus Caixa Rural Galega celebrou o seu 40º aniversario foron parte dos atractivos da festa.

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, quixo destacar que a festa tradicional máis importante de Galicia



se consolidou como un referente en convivencia, seguridade, limpeza e impulso económico para a cidade.

CONVIVENCIA. A rexedora subliñou a importancia de que o San Froilán se consolidase como unha celebración de convivencia exemplar, onde lucenses e visitantes puideron gozar dun ambiente cívico e seguro ao longo de todas as xornadas. A alcaldesa destacou a importancia de seguir potenciando a desestacionalización turística de Lugo, aproveitando eventos como o San Froilán para alargar a actividade económica e social da cidade durante todo o ano. “Estas festas son unha excelente oportunidade para mostrar todo o que Lugo pode ofrecer a nivel cultural e turístico, tanto para os que nos visitan como para os lucenses”, engadiu. No ámbito da seguridade, Alvarellos puxo en valor “o éxito do dispositivo de control móbil da Policía Local, que se instalou no recinto feiral para vixiar en tempo real a afluencia de público e garantir unha resposta rápida ante calquera incidencia”.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es





Javier Camena e Ainhoa Arteta inaugurarán o auditorio en decembro

O pianista Javier Camena será o encargado de acompañar á soprano de Tolosa Ainhoa Arteta, nos dous concertos cos que se inaugurará o novo auditorio de Lugo, os días 20 e 22 de decembro; dúas funcións gratuítas cun espectáculo deseñado especialmente para a apertura desta nova dotación cultural e que brindará ás e aos lucenses a posibilidade de gozar dunha das cantantes líricas máis recoñecidas de todo o mundo, xunto aos acordes ao piano de Javier Camena, no que é a combinación perfecta de dous artistas que colaboran en moitas das súas actuacións. De feito, os críticos especialistas sinalano como un dos intérpretes de

máis renome do panorama actual e recoñecido pola súa faceta de pianista acompañante de voces. Nesa faceta destacan as súas actuacións xunto a Ainhoa Arteta, pero tamén acompañando a outros grandes solistas como Nancy Fabiola Herrera, Alejandro Roy e Ismael Jordi. A soprano de Tolosa (Guipuzcoa) é unha das voces líricas máis destacadas do país. Actuou en numerosas cidades do mundo e nalgúns das máis prestixiosas óperas. Entre outros, foi galardoada co premio Metropolitan Opera National Council Auditions de Nova York e no Concours International de Voix d'Opera Plácido Domingo de París.

A cidade impulsou a primeira xuntanza da Alianza pola Lingua

Rubén Arroxo e Maite Ferreiro, presidiron a primeira xuntanza da Alianza Lugo pola Lingua, impulsada desde o Concello de Lugo e que contou coa participación de preto de 70 colectivos, asociacións e lucenses relacionadas co mundo artístico.

A Tenencia de Alcaldía lanza esta iniciativa para, segundo explicou Maite Ferreiro, “comezar a traballar en reverter unha situación tan grave como a que temos neste momento coa lingua”.

Segundo os últimos datos publicados, un de cada tres menores saben pouco ou nada de galego e só o 7 % dos nenos e nenas entre 5 e 14 anos falan galego sempre, “14 anos despois do decreto antigalego do PP, cunha xeración educada integramente nesta normativa, estamos vendo como as persoas máis novas están a perder a capacidade de utilizar a nosa lingua”, afirmou Maite



Ferreiro.

A edil de Promoción da Lingua afirmou que “é necesario tomar medidas reais e inmediatas que permitan reverter unha situación tan grave como a que temos neste momento coa lingua” e presentou ás asociacións e colectivos presentes “un decálogo de medidas básicas para promover o uso do galego e garantir

que a nosa lingua non desapareza”. Ademais, Maite Ferreiro afirmou que “a Xunta ten que cambiar o seu modelo lingüístico e comezar a traballar en serio para evitar a desaparición do galego, desde o Concello de Lugo damos un primeiro paso con estas 10 medidas básicas que permitirán aumentar a presenza da lingua nas nosas rúas”.

Teatro para todas as idades conforman o novo programa no Gustavo Freire

A programación teatral volverá a ser protagonista no Auditorio Municipal durante o resto do 2023. A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, explicou que “en total son 14 propostas, para distintos públicos, con actuacións de grupos de teatro de recoñecida calidade que conseguiron distintos premios”. “Quixemos poñer o foco nas producións de artes escénicas de mellor calidade feitas na Galiza, que serán o fio condutor da programación, e contaremos tamén con obras internacionais de calidade contrastada”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu

“esta programación está pensada para o deleite das amantes do teatro e para facilitar un achegamento a esta arte por primeira vez”.

A programación inclúe un total de 6 propostas para público adulto, 4 para familias e 3 propostas de teatro para primeira infancia. Para acceder ao recinto será preciso adquirir entrada no portal entradaslugo.es ou de maneira presencial na oficina municipal de turismo, cun prezo de 5 euros nas actividades para público adulto e 3 nas actividades familiares e de primeira infancia. Ademais, as persoas en paro, menores de 30, pensionistas e actores e actrices aso-

ciadas á AAAG terán un desconto do 30 % nas actividades para público adulto.

Haberá bonos á venda por 18 euros para as actividades para público adulto, 8 euros para todas as actividades para público familiar e 6 euros para as tres representacións de 1ª infancia.

Entre os títulos que se poñerán en escena está *A trompa non só é cousa de elefantes* de Catro Cores, *Terceiro acto* do Centro Dramático Galego, *Bule bule* de Os Náufagos Teatro ou *Blop 2.0* de Esa Gente, que se poderán desfrutar dende o mes de outubro ata decembro deste ano.

ALQUILA TU ESPACIO PRIVADO PARA CUMPLES

DE LUNES A DOMINGO

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS (LUGO)

HINCHABLES, FÚTBOL, JUEGOS, MINI DISCO Y MUCHO MÁS...

606 804 864 **Total sport**

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

O Coliving do Carme acollerá unha nova sesión de deseño

O Coliving Artístico Municipal do Carme acolle este outono o programa Páxina en branco: sesións de codeseño para o CAM, que consta de dúas sesións das que xa se celebrou unha. A seguinte será o 21 de novembro baixo o título *Boas prácticas culturais en residencias artísticas*. Abordaranse as repercusións das boas prácticas nos proxectos de residencias artísticas. Así, exploraranse diversos enfoques sobre a profesionalización, a sustentabilidade, o acceso á cultura ou protocolos para espazos seguros. Participarán, entre outros, Zaida Llamas, Alfredo Puente e Ania González.

“Hai récord de grupos na décima Foliada Magosto dos Xílgaros”

Ademais da propia formación, 8 agrupacións compoñen o cartel da cita

Lucía Blanco

Os Xílgaros de Lugo volven apostar polo folclore e a nosa tradición nun ambiente único. Óscar Pérez, fundador da agrupación, organiza unha nova convocatoria da Foliada Magosto na que confluirán, ademais da propia formación e membros da asociación, 8 grupos procedentes de distintos puntos da provincia para converter a cidade en capital da música tradicional o sábado 9 de novembro. “Este ano digamos que é abrumador, temos récord absoluto de grupos participantes. Sempre viñan entre uns 4 ou 5 e mesmo cheguei a xuntar 6, pero como nesta edición nunca. De feito, había outros 3 grupos pendentes e dixen vou parar”, explica este gaiteiro autodidacta.

Acompañaranos Arume de Burela, Os do 21 do Vicedo, Fol do Raxal de Cerro, Grupo Río Miño dende Portomarín, Os Tarabelos do Saviñao, Os Tres Pés que veñen de Chantada e os locais A Volta do Agro e Nubeiro. “Gústame traer doutras zonas porque non é o mesmo o que se toca na Montaña, na zona da costa



ou en Chantada. Haberá grupos de canto, de pandeireta e de baile. Vai a ser moi dinámico”. Para algúns esta supón a súa primeira vez na foliada, aínda que outros repiten. “É tamén unha mostra de agradecemento para os que tamén viñeron outros anos”.

O programa comezará ás 19.00 horas na cafetería restaurante Yaldara coas actuacións de todos os inscritos. Seguiralle o sorteo dos premios, que van dende un abre botellas con forma de nota musical, farrapos de

la artesá para a gaita, baquetas de tamborileiro, pandeiretas coa súa funda ata o máis esperado: unha fin de semana para dúas persoas no Piorno. “Cada ano intento buscar premios e agasallos distintos. Pero sempre vinculados coa música e co tema tradicional”, asegura.

Logo é a quenda dunha foliada aberta a todo aquel que queira unirse, aínda que o pistoletazo de saída será unha interpretación única. “Todos os grupos imos tocar A Muiñeira de Fermín, que tocaba meu avó e que temos no noso disco. Creo que non hai mellor maneira de xuntalos a todos con esa peza tradicional, porque me gustaría que cada formación a aprendera e a tocara onde quixera e que así o legado do meu avó seguira vivo”, di Óscar sobre un dos momentos máis agardados de toda xornada.

GRAN ACOLLIDA. “Vai ser moi especial. Contamos cun mínimo duns 100 músicos tocando todos xuntos esa muiñeira. En si xa é moi bonito a aceptación de todos que dixerón



que para adiante, que era unha moi boa idea”. Unha aceptación que precisamente se consolida e medra ano tras ano en cada unha das convocatorias da proposta. “Xa me dixo a miña muller, Merche, que é a nosa pandereiteira, e o grupo que me pasara un pouco pero é que vai indo a máis —di entre risas—. Eu acórdome da primeira foliada que fixen na que eramos 4 colegas de Lugo e foi algo totalmente improvisado. Isto foi collendo máis forza e mesmo temos grupos anotados desde comezo de ano xa”.

Pero como tamén é un magosto, as castañas tampouco poden faltar. “Asámolas ese día e son de balde ata que se esgoten. No 2023, nunha hora xa acabamos os 45 quilos que tiñamos preparados”, lembra. As previsións desta nova xuntanza pintan moi ben para estes amantes do

propio. “Na última edición xuntamos unhas 350 persoas ao longo da xornada e digamos que no punto álxido estaba o local totalmente cheo a xente aparcaba pola estrada xeral e como podían”. Pérez tamén destaca que se trata dun evento sen axuda institucional polo que lle dá ás grazas aos colaboradores que tamén o fan posible.

“Uns aportan un premio e outros fan un pequeno desconto, cada un o que pode. Hai desde artesáns, tendas de música e de equipos de son, restaurantes...”. Anima a veciños e visitantes a achegarse para compartir o gusto polo noso nun ambiente que logra facer sentir a todos como na casa. “A idea é facer un evento gratuito 100 % tradicional para que desfruten os lucenses e os de fóra tamén co obxectivo de difundir a nosa cultura e de desfrutar todos xuntos”.

Unha mostra do Museo recolle o patrimonio de San Paio de Narla

O Museo Provincial acollerá ata o 12 de novembro a exposición do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento *Os Nossos Castelos. San Paio de Narla e os seus señores*, centrada no patrimonio histórico e monumental arredor de San Paio de Narla. A mostra, organizada polo grupo de investigación Historia Social do Poder desde a Idade Media e comisariada polo historiador Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, consta dunha ducia de paneis nos que se abordan cuestións como o espazo

señorial no que se sitúa a fortaleza, a súa evolución arquitectónica, as liñas que medraron e a súa pegada documental e literaria.

Tamén abriu a exposición *A Galicia cereira dos séculos XVIII e XX: velas, velóns e exvotos*, que recolle e exhibe vestixios etnográficos que amosan o proceso de manipulación da cera: lagares de viga, fornillas, pailas, pías de decantación e solidificación, eiras e tendais para o branqueo da cera, así como as ferramentas propias dos talleres de borreiros.

Celebran as primeiras xornadas de xogos de rol

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, presentou xunto con integrantes da asociación A Mesa de Breogán, as primeiras xornadas de xogos de rol e xogos de mesa que se celebrará no Vello Cárcere o vindeiro 16 de novembro.

O evento busca achegar á veciñanza o lecer alternativo deste tipo de xogos, facendo distintas exhibicións nas instalacións do Cárcere. Arroxo afirmou que “o Vello Cárcere é un espazo polivalente que permite acoller tanto sesións de

grandes partidas de xogos de rol como xogos de mesa de pequeno formato”. Ademais, Arroxo anunciou que estas xornadas contarán coa gravación en directo do *podcast* ‘A Caixa Negra Da Nostromo’, cuxa temática versará en torno á figura das cárceres no cine.

Dentro do evento, disporanse toda unha serie de presentacións, ademais das citadas mostras de xogos, que teñan relación coa temática abordada: presentacións de filmes galegos, *podcasts* e demostración de esgrima histórica.

Músicas a carón da Mosqueira conta con dous concertos máis

O ciclo *Músicas a carón da Mosqueira* continuará ao longo do outono. Así, o 18 de novembro será a quenda de Dianto Reed Quintet (quinteto de ventos), mentres que o 2 de decembro haberá ocasión de escoitar o piano de Susana Gómez. En todas as actuacións, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade do espazo. Tanto o ciclo *Músicas a carón da Mosqueira* como os *Encontros de Lúa Chea* desenvólvense ao abeiro do Convenio Lugo Cultural, froito da colaboración entre USC, Vicepresidencia da Deputación de Lugo e Cultura e Turismo do Concello de Lugo.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”

BLACK WEEK!!
-30%
-50%
-65%

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

O Concello presenta a nova programación de xuventude de outono

O concelleiro de Xuventude e Deportes, Jorge Bustos, presentou a nova programación de actividades para este último trimestre do ano, que inclúe varias novidades entre as que figuran os clubs de debuxo e de oratoria, ademais das xornadas de deporte antigo, que estarán abertas ao público e que se desenvolverán este mes.

O edil Jorge Bustos, explicou que “xunto ás novidades, neste último trimestre do ano mantense propostas moi demandadas como ioga, zumba e cociña, ata completar unhas dez actividades diferentes, todas gratuítas para que sexan accesibles a toda a rapazada”.

Para conformar o programa deste último trimestre se tiveron en conta as propostas da xuventude e as novas tendencias, así como outras actividades que todos os anos contan con moita demanda, principalmente as que ten que ver coa actividade física. Por iso ata finais de ano, a axenda de actividades xuvenís oferta ioga, zumba, cociña – con xornadas dedicadas a elaborar tanto pratos internacionais como

receitas propias de Nadal-, esgrima, revisión e mantemento de bicicletas e vehículos de mobilidade urbana e un obradoiro de moda circular, para darlle unha segunda vida as prendas.

Ademais, a programación inclúe un club de debuxo, que se pretende teña continuidade, con saídas á catedral, á muralla e ao Museo Provincial; e un club de oratoria. Segundo explica o concelleiro de Xuventude e Deporte, Jorge Bustos, “o ano pasado celebramos a I Liga de Oratoria que tivo un gran éxito, polo que decidimos poñer en marcha o club para afondar en diferentes sesións cuestións claves na oratoria como a actitude da persoa que fala en público, os erros máis frecuentes nas exposicións orais ou como controlar o medo escénico”. Os formularios para realizar as inscricións están na web www.xuventudedelugo.gal. Todas as propostas están dirixidas a mozos e mozas de 14 a 35 anos e desenvolveranse na Casa da Xuventude, a excepción das que realizan saídas, como pode ser o caso do club de debuxo.

O programa ‘A vangarda está na aldea’ defende a cultura labrega

A vicepresidencia da Deputación de Lugo pon en marcha o programa *A vangarda está na aldea*, dirixido a revalorizar a cultura labrega e propiciar o autodescubrimento de novas vocacións agrarias e de emprendemento entre o alumnado de secundaria. O proxecto, que se está a difundir entre os centros de ensino da provincia, desenvolverase a través de obradoiros artellados arredor de materiais fotográficos e literarios, como as fotografías de Carlos Valcárcel, Ton van Vliet, Antón Beiras, Ruth Matilda Anderson ou Ian Colquhoun, que retrataron desde distintas perspectivas a Galiza rural do século pasado, e a novela *O pracer da chuvia*, do escritor polense Manuel Vázquez, que se encargará de impartilos.

Na presentación, o autor explicou que o obxectivo principal é que “as alumnas e os alumnos de secundaria non descarten o rural como opción profesional de cara a o futuro por causa dos prexuízos”, polo que os obradoiros incidirán en relacionar “vangarda” e “formación” con aldea, a través do exemplo de proxectos gandeiros que responden aos retos



do noso tempo, e na revalorización da “cultura labrega” e da “lingua”, como elementos que nos abren á diversidade cultural do mundo.

A deputada de Cultura Iria Castro sinalou que “o programa aposta por achegarse ás novas xeracións cunha mensaxe en positivo e de futuro sobre a cultura rural e labrega, nun momento, a etapa de secundaria o bacharelato en que poden estar valorando opcións profesionais. Somos conscientes de que o relevo xeracional na agrogandería precisa de moitos outros recursos, pero os prexuízos históricos sobre o rural afectaron negativamente ao desenvolvemento das súas potencialidades”.

A responsable provincial destacou, neste sentido, que “estas actividades amplían e complementan, con outros recursos, os obxectivos do programa Da Escola á Granxa, que financia visitas de escolares de infantil e primaria a granxas e pequenas producións alimentarias no rural, transmitindo a importancia do sector primario na produción de alimentos e na conservación do medio natural”. O programa, impulsado desde as áreas de Rural e de Cultura, inclúe vinte obradoiros, que se desenvolverán ata final de ano, daccordo co calendario acordado cos centros de secundaria interesados.

O PP pide explicacións pola redución de actos do Lugo Máxico

O edil do PP, Javier Vázquez, explicou que o Lugo Máxico de 2024 alcanzou o maior orzamento da súa historia, de 48.000 euros, pero reduciu o número de actividades con respecto a anos anteriores. O popular indicou que chegou haber ata 59 actividades e cun presuposto menor en alusión á edición 2019, onde o orzamento foi de 40.000 euros.

“Tamén resulta paradóxico que nos anos de pandemia se realizasen máis actividades que este ano a pesar das restricións sanitarias”, comenta, e que “a decisión unilateral do BNG de cambiar de produtora no ano 2022 foi negativa, tanto na calidade coma na cantidade da programación, tal e como se puido visualizar tanto nas galas como nas actividades da rúa con apenas público”.

Ademais, di que Maite Ferreiro recoñeceu que decidiron cambiar as localizacións e que optaron por representacións de maxia nos barrios, confirmando que deixaron de ir a Aspnaís, Cogami, Adace... centros de día, ociotecas, cas adas linguas ou MIHL.

Para Javier Vázquez, “un evento cun maior financiamento e que xa alcanza a décima edición debería traducirse nunha oferta máis diversificada e atractiva”.



Casabella exhibe unha colección de retratos en ‘Heroínas de tódolos días’

A concelleira de Cultura do Concello de Lugo, Maite Ferreiro, presentou unha nova exposición que se instalou no espazo das antigas celas femininas do Vello Cárcere.

Baixo o título *Heroínas de tódolos días*, a artista Camino Casabella exhibirá ata o 30 de novembro unha colección de retratos acompañados de textos propios, nos que rende homenaxe a mulleres fundamentais no seu pasado e igualmente importantes no seu presente e futuro.

Entre as retratadas podemos atopar a referentes como Sinéad O’Connor, Carola Rackete, Rosa Parks, Ciara Lawrence, YSÉE, Charlotte Courbe, Jessica Greenfield, Fernanda Arrojo

ou Vero Boquete, xunto a outras. Maite Ferreiro destacou a sinxeleza na homenaxe que Camino Casabella “fai a todas esas mulleres ordinarias que fan cousas extraordinarias cada día, poñéndoas nun primeiro plano que axuda colocalas no lugar que merecen”.

O propósito da artista, explicou Ferreiro, “é poñer no foco de atención as historias da vida e da carreira destas mulleres; todas elas traballan para contribuír á sociedade, e fano fronte a grandes desafíos co propósito de superalos. Son mulleres abrindo camiño para que máis mulleres se adiquen a profesións tradicionalmente dominadas polos homes”.

2ª JORNADAS DE LOS ARROCES



DEL 1 DE NOVIEMBRE AL 1 DE DICIEMBRE



14€ ARROZ DE VERDURAS

17€ ARROZ DE SECRETO IBÉRICO

18€ ARROZ DE RAPE Y LANGOSTINOS

18€ ARROZ NEGRO DE CHIPIRONES Y PULPO



Paellas mínimo dos personas

C/ Recatelo 1 Tfno: 982 24 70 76

“Formar o grupo foi unha experiencia increíble xa que ningún tocáramos antes”

Os Trastiños de Castelo levan catorce anos apostando pola música tradicional

Lucía Blanco

Un curso de gaita na asociación de veciños da parroquia foi o xerme para Os Trastiños de Castelo, unha asociación e grupo de música tradicional lucense que aposta dende o seu comezo por tecer lazos na comunidade e poñer en valor a nosa cultura. “No 2010, despois de empezar a ensaiar, inauguramos o grupo. Estreámonos polo día de San Xoán porque os veciños faciamos as fogueiras e dende aquela aquí seguimos”, conta Toni.

Para eles a agrupación supuxo o seu primeiro contacto coa música. “Ningún tocáramos na vida, entón foi unha experiencia musical increíble. Eu tiven algo de relación porque cando era pequeno, tiña clases, pero para moitos outros compañeiros era todo novo”. Pero iso non os freou, os ensaios e as ganas de aprender xuntos servíronlles para consolidarse como formación.

“Agora ensaiamos todos os xoves, pero houbo épocas nas que o faciamos dous días á semana porque estabamos máis verdes ou se xuntaban as actuacións. Parece que non pero un mes sen ensaiar nótase, pérdese o fío”. Actualmente xa son uns habituais en festas da cidade e tamén na provincia e forman parte do programa de datas tan sinaladas como o San Froilán. “Dende que botamos creo que non faltamos ningún ano. Tamén adoitamos ir a todas as actuacións que nos dá a Deputación, a todas as que podemos claro, porque como algúns traballamos igual pola semana xa temos que dicir que non”.

Dende que comezaron o teléfono



non parou de soar para estes músicos que acumulan decenas de concertos en citas como Feira de Artesanía do Incio, a Festa da Torta de Millo de Guitiriz, a do Pemento de Mougán de Guntín, o Festival As Nogais da asociación Abrente ou a Foliada de Orbazai. As patronais de Xermade, Castro de Rei, do barrio de San Lázaro en Lugo ou o seu propio acaban por completar algúns dos eventos que gardan na memoria. “Sempre nos van chamando, aínda que temos que rexeitar algunhas da Deputación porque cadran en agosto e como o facemos dun xeito altruísta custa xuntarnos. Este ano por exemplo as de Castelo coincidíronnos con outra programada en Sober”.

A acollida do público, aseguran, sempre deixa sempre moi bo sabor de boca. “Sobre todo cando tocamos pola cidade e polo centro, porque pola contorna non adoita xuntarse tanto público e involúcranse moito”. Dos 20 membros

fundadores, agora tan só se manteñen unha decena, polo que están preocupados polo futuro do colectivo. “Sempre houbo altas e baixas, chegamos a quedar so 6. Intentamos darlle visibilidade ao grupo pero non hai relevo xeracional, todos temos dende os 45 para arriba, hai xubilados e outros que estamos a piques de xubilarnos”. Por iso, animan a seguir continuando co seu legado sobre o que fan un balance máis que positivo. “Son moitas cousas e as experiencias que vivimos grazas ao grupo están aí. Para nós era todo novo: aprender música, actuar diante dun público e os nervios de cada cita”. Aínda que á marxe da súa traxectoria a nivel musical, quédanse con todas as unións que crearon ao longo deste tempo. “Máis aló da experiencia como músicos, cando empezamos eramos veciños pero non nos coñeciamos e agora podemos dicir que mantemos unha amizade dende fai 14 anos xa”.



Os veciños constitúense como plataforma contra a suba de impostos

Como consecuencia da anunciada subida de impostos e taxas municipais en Lugo e ante a confirmación de que a suba afecta decisivamente á zona rural, que aseguran non ten nin de lonxe os mesmos servizos que o casco urbano, un grupo de veciños decidiron constituírse como plataforma veciñal para reclamar máis servizos e menos impostos. “O rural do concello de Lugo leva anos a sufrir o abandono de quen ten a responsabilidade de atender ás necesidades dos veciños que habitan nas parroquias rurais”, din. A plataforma Non á subida de impostos lamenta que no rural non teñen fibra óptica nin cobertura, nin transporte urbano e tampouco hai saneamento ou auga corrente. Ademais, denuncian pistas abandonadas dende fai anos, a falta de roza seguindo un calendario obxectivo e racional e están a sufrir a situación do servizo de urbanismo municipal, “con retrasos de máis de dous anos de media en acadar unha licenza para

poder construír ou ampliar casas, alpendres, peches ou naves”. A pesar desta situación que “marca unha enorme desigualdade entre os lucenses do rural e os lucenses do casco urbano”, tiveron noticia da aprobación dunha suba brutal dos impostos e taxas municipais, “que afecta decisivamente aos nosos intereses, sen ter ningunha información de que veña compensado cunha mellora significativa dos servizos enumerados anteriormente, que son totalmente insuficientes”.

Pola necesidades de construír un rural con servizos, para poder ter un rural con futuro, pola imprescindible necesidades de mellorar e manter as infraestruturas existentes e porque están totalmente en contra de que o rural sufra unha subida masiva dos impostos e taxas municipais a pesar das carencias nos servizos básicos que ten que prestar o concello, deciden formar unha plataforma veciñal para denunciar esta situación.

estudios rafer

FORMACIÓN PROFESIONAL PARA LA INSERCIÓN LABORAL

Titulaciones oficiales para el empleo

MEJORA TU EMPLEABILIDAD

Estudios muy demandados que garantizan la estabilidad y seguridad laboral

ADMINISTRACIÓN
MARKETING
INFORMÁTICA

OBRA CIVIL
FABRICACIÓN
MECÁNICA
LOGÍSTICA

SOCIOCULTURAL
TURISMO
AUTOMATIZACIÓN

Estudios Rafer pone en marcha un Programa de Formación dirigido a desempleados y trabajadores. Este programa se encuentra dentro del Plan formativo para el empleo de Galicia. Formate con nosotros

CERTIFICADOS PROFESIONALES

TITULACIONES OFICIALES PARA LA ESTABILIDAD LABORAL

100% GRATUITOS

www.estudiosrafer.es

formacion@estudiosrafer.es

666 483 504 / 982 22 26 49

DIGALICIA Transformación Digital

PROGRAMA GRATUITO DE FORMACIÓN EN TRANSFORMACIÓN DIGITAL

INSCRIBETE

DIGALICIA DIRECTIVOS
672 063 331

DIGALICIA AGENTES DEL CAMBIO
662 95 67 15

ENCUÉNTRANOS EN LUGO
RÚA PENAL DO REL 4, BAJO,
27002 LUGO

DIGALICIA.ES

Financiado por la Unión Europea

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ESPERANTE

“O noso leitmotiv é mellorar a calidade de vida dos veciños e os servizos”

Levan 36 anos dinamizando a vida desta parroquia

Lucía Blanco

A Asociación de Veciños de Esperante leva case catro décadas apostando por dinamizar a súa parroquia e fano coas mesmas ganas que cando botaron a andar no ano 88. “Non sei se somos a máis antiga, pero penso que si e ademais das que funcionan porque ás veces créanse e non teñen tanta actividade”, conta Ángel Rodríguez, que leva uns 15 na presidencia do colectivo, aínda que xa pasou por varios cargos na directiva. “Fun tesoureiro os primeiros tempos, despois secretario e logo presidente en dúas ocasións. Ao principio fomos 10 os que fundaron a asociación e despois abrímolos a todos os veciños”.

Actualmente, compoñen o grupo unhas 68 casas, porque eles contan

así e non por número de asociados. Pero este lucense lembra con especial cariño os anos “gloriosos” na parroquia. “Tiñamos unha actividade tremenda e no ano facíanse 4 xuntanzas: as festas patronais, o magosto no mes de novembro, o San Antón en xaneiro e o Lume Novo. Xuntabámonos entre 80 e 90 persoas e facíase dunha maneira que me gustaba moito, coa participación dos veciños, non había *catering*, facíamos, servíamos e ao final limpabamos todo nós”.

Agora a actividade foi a menos. “Estamos catro maiores tirando por esto e a xente nova ten outras inquietudes, que non critico, pero é así”. Manteñen as súas excursións e intentan realizar como mínimo unha ao ano, e os cursos e obra-

doiros que tamén van variado. Excursión facemos unha cada ano e cursos estes tempos de pandeireta e xamón e de cosmética. “Este ano temos cursos de pandeireta e de elaboración de cosméticos. En canto ás viaxes, fomos a todos os recunchos de Galicia, a Asturias varias veces, a Cantabria, tamén nos animamos a ir ao País Vasco, a Valencia e a Madrid e actualmente seguimos mantendo a festa patronal da que se encarga o secretario”.

Tampouco se esquecen de defender o seu pobo e de trasladar as súas demandas, que marcan as súas actuacións. “Eu creo que o leitmotiv da asociación é mellorar a calidade de vida dos veciños e conseguir a mellora dos servizos. Estes son os puntos fundamentais para nós”. A súa principal reivindicación, máis aló do arranxo dalgunhas fochancas nas pistas e da necesidade dun maior número de puntos de luz, é o saneamento e o abastecemento de augas.



“Levamos moitos anos pelexando. Hai un proxecto feito que abrangue dende a zona de Louzaneta, onde xa está o saneamento feito, ata case o cruce do hospital de Calde, Varnos prometendo, agora estamos vendo que lle falta a ese proxecto, pero non acabamos de arrincar”. Isto implica que no verán adoitan ter graves problemas de auga, “porque se ven seco escasean as traídas. E ao final pedimos auga e un sitio para botar os nosos residuos, nada doutro mundo”, sostén.

Rodríguez considérase un fiel defensor do asociacionismo e lamenta precisamente a falta de relevo

para este colectivo que á marxe de apostar pola oferta cultural e de crear comunidade, loita por conseguir avances para a veciñanza. “A realidade é que vemos que non hai relevo, e pásanos a moitos. Nós levamos catro anos un pouco en función, por dicilo dalgún xeito, volvemos cada ano a facer a asemblea xeral para ver se alguén se presenta, pero seguimos igual”. O tempo que implica asumir este tipo de responsabilidades e poñerse á fronte da agrupación provoca que o futuro do colectivo poida perigar. “Dá moitos sen sabores entón non anima á xente a meterse”.

Piden medidas de seguridade viaria na zona periurbana

A deputada do Bloque Nacionalista Galego, Montse Valcárcel, reclamou na Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, a mellora da seguridade das estradas LU-530 (Lugo–A Fonsagrada), LU-612 (Lugo–Portomarín) e LU-232 (Lugo–Friol), que forman parte da rede galega, e que requiren da Xunta de Galicia unha actuación

que garanta a seguridade non só dos vehículos, senón tamén dos peóns que día a día a utilizan nos seus desprazamentos habituais. Ademais, as estradas de Portomarín e de Friol, malia que contan cunha mellor limitación da velocidade nos núcleos de poboación, “teñen tamén deficiencias á hora de facilitar o acceso ás paradas de bus urbano” sinalou.

Promoven o uso socio dos terreos forestais dos lagos de Teixeira

A Consellería do Medio Rural promove potenciar o uso socio recreativo dos terreos forestais na contorna dos lagos de Teixeira. O departamento de María José Gómez investiu preto de 80.000 euros en diferentes actuacións relacionadas coa xestión forestal e o aproveitamento turístico e socio-recreativo desta área. Está previsto un investimento doutros 275.000 en accións encamiñadas á posta en valor desta zona.

A propia titular de Medio Rural, acompañada polo director xeral de Planificación e Ordenación Fores-

tal, José Luis Chan; e polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, supervisou os resultados das actuacións levadas a cabo. Así, estes labores, que se enmarcan na Estratexia para o fomento da xestión activa das masas de frondosas e no Plan Forestal de Galicia, baseáronse en tratamentos silvícolas na carballreira de Labio e no mantemento de infraestruturas forestais, especialmente de pistas. Con todas estas intervencións, afóndase na silvicultura adaptativa e sustentable.

Nos vindeiros meses seguirase ac-

tuando na contorna, especialmente no ámbito da defensa fronte os incendios forestais. Deste xeito, os traballos consistirán na apertura e limpeza de cunetas e cortalumes, na creación de obras de drenaxe en pistas forestais e na mellora da capa de rodadura, todos eles no monte de Arco de Santa María e Penalba, propiedade da comunidade de montes de Teixeira.

Tamén se realizarán rozas mecanizadas e acometerase o acondicionamento de camiños mediante moto-niveladora no monte de Labio.

O BNG pide que a planta de Coeses non sexa iniciativa empresarial prioritaria

Rubén Arroxó anunciou que BNG vén de rexistrar unha proposición para reclamar á Xunta de Galicia a retirada da clasificación de iniciativa empresarial prioritaria á planta de biometanización proxectada en Coeses. Segundo explicou Arroxó, esta declaración permite acelerar os trámites administrativos para a construción da planta, a pesar de que o proxecto recoñece a emisión de

cheiros e gases contaminantes que afectarán á veciñanza.

Durante unha reunión coas persoas residentes, Arroxó sinalou que o BNG continuará traballando desde todas as institucións para frear o proxecto na súa situación actual. Ademais, lembrou que o grupo xa trasladou iniciativas ao Parlamento Europeo co obxectivo de impedir que esta planta reciba fondos euro-

peos. Arroxó tamén anunciou que levarán a demanda de retirada da clasificación ao Parlamento Galego. O proxecto da planta recoñece a emisión de cheiros e gases, así como o vertido de augas residuais ao regato de Vilalbite, con impacto posterior no río Miño. A Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) emitiu un informe desfavorable sobre o tratamento destas augas.

TEMPADA DO
COCIDO
DA FONSGRADA

OS MELLORES
PRODUCTOS
DA FONSGRADA

Lacón, Cachola,
Soá, Butelo, Grelas,
Chorizos, Garavanzos
e Patacas

III FAI XA
A TOA RESERVA IIII

982 22 78 02

Lubre
mesón - viñoteca

A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santa María de Muxa

No núcleo consérvase a igrexa, que data do século XIX e conta cunha torre de comezos do XX

Entre os montes de Touxeiras, Sartego e Escada, encóntrase esta parroquia que limita ao norte con San Esteban de Benade, ao sur con San Salvador de Muxa, ao este con San Xulián de Rubias e San Vicente de Pedreda e ao oeste coa cidade Lugo e Santalla de Mazoi. O río Porto de Lugo, que ten distintas denominación ao seu paso polas aldeas e nace en San Esteban de Benade e transcorre polo límite do polígono do Ceao, atravesa o núcleo. As vivendas na súa maioría son de cantería, cuberta a dúas augas

e base de lousa do país. A igrexa, situada en Muxa de Arriba, presenta un corpo principal do século XIX e unha torre de comezos do XX de dous corpos. Ten unha soa nave e está realizada en cadeirado que queda vista na portada, nas esquinas e nos ocos de fachada, mentres que os panos de fachada aparecen revogados. A fachada da cabeceira presenta pilastras nos laterais con capiteis decorados, entre elas e esculpida un relevo da Ascensión da Virxe. Sobre un entaboamento atópase



a torre de campás, de traza barroca, con catro vanos en arco de medio punto que albergan o corpo de campás e rematada por unha cúpula galonada situada sobre un tambor.

Na Carballosa, que está ao sur da parroquia, consérvase o Cruceiro do Penedo, que se apoia sobre unha roca de grandes dimensións. Dispón dunha base con forma de pirámide truncada sobre a que se levanta o fuste, de sección octogonal e cuadrangular nos extremos. Conta cun capitel mínimo e unha cruz tipo celta. Outro dos elementos característicos de Muxa é a Ponte da Tolda, de pedra con catro ollos en arco de medio punto, os laterais de radio inferior, con parapeto metálico.



Con nuestras NUEVAS AGENDAS no necesitarás trucos para recordar lo importante

Librería **Troll**

Síguenos en  

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Ahorra o nunca!!!

Estrena

hybrid

HIBRIDO

...en LugoMotor!

FORD

FOCUS

HYBRID

por

22.990*

* Consulta condiciones financiación.

Impulsan o turismo na cidade cun programa de proxectos innovadores

O Goberno municipal de Lugo, liderado por Paula Alvarellos, anunciou o lanzamento do programa TurisTalent 5.0, unha aceleradora de proxectos empresariais innovadores no sector turístico e enogastronómico. O obxectivo desta iniciativa é apoiar proxectos que impulsen o crecemento económico local e a creación de emprego, ademais de atraer investimentos ao municipio. Segundo Alvarellos, TurisTalent 5.0 axudará aos emprendedores a validar, poñer en marcha e acelerar os seus proxectos, ofrecendo formación, mentoring e asesoramento especializado. A iniciativa, que se enmarca no Plan de Sostenibilidade Turística en Destino co apoio de fondos europeos Next Generation, ten un orzamento superior aos 167.000 euros.

O programa busca modernizar o tecido empresarial de Lugo e fomentar a creación de empresas orientadas á sustentabilidade no sector turístico e enogastronómico, apostando por aproveitar os recursos locais. O edil de Dinamización Económica destacou que a aceleradora terá unha duración de nove meses e avaliará os proxectos para presentalos a posibles investidores. TurisTalent 5.0 desenvolverase en varias fases, desde a convocatoria de proxectos ata a presentación final no Investors Day, onde os mellores proxectos poderán atraer o interese de investidores. A aceleradora tamén poñerá un foco especial na colaboración multidisciplinar entre os emprendedores, co fin de potenciar o talento e a innovación.

O BNG cualifica os orzamentos da Xunta como “insuficientes”

Olalla Rodil e Rubén Arroxo avaliaron o proxecto de orzamentos da Xunta para o ano 2025. Clasificaron os orzamentos como “insuficientes”, e a deputada do BNG destacou que estas contas son “promesas atrasadas”, así como afirmou que “os investimentos para Lugo baséanse en repetir ano a ano os mesmos anuncios sen que nunca se executen os traballos”. En definitiva, Rodil valorou o proxecto de orzamentos como “antisociais, que benefician aos máis ricos consolidando un sistema fiscal regresivo que non da que resposta aos problemas dos galegos e galegas”. Con respecto á cidade de Lugo, Rubén Arroxo afirmou que “a Xunta segue a gardar orzamentos para construír a rolda Leste e segue mantendo o abandono do Barrio da Tinería”.

Arroxo anunciou que o BNG volverá propoñer retirar o financiamento “dunha nova autovía que vai reducir un desprazamento en 3 minutos e dedícalo a rehabilitar dunha vez unha zona histórica de Lugo, que leva desde o 2009 sen recibir investimentos serios por parte do goberno de Galicia”. O portavoz do BNG destacou que “entre o 2026 e o 2028 a Xunta prevé un investimento superior aos 10 millóns de euros para esta vía, cartos que se deberían investir na construción de vivenda pública na cidade”. Rubén Arroxo, ademais, afirmou que “o Parque do Rato completa o cinto verde do Concello de Lugo, un terreo natural que calquera outra cidade quereda ter”, e engadiu “Lugo avanzou moito na sustentabilidade urbana e na redución da pegada de

carbono nos últimos anos, coa rolda Leste, a Xunta pretende dar un paso atrás e destruír o unha das zonas verdes que máis disfrutaban as veciñas e veciños”.

Arroxo destacou que “proxectos que Lugo levan moito tempo esperando, como a rehabilitación do Cuartel de San Fernando, volven estar ausentes neste orzamento”.

O portavoz do BNG valorou positivamente que a Xunta considere prioritario investir no Plan Paradai, despois de anos de parálise, e reclamou que os orzamentos contén con partidas para a Calzada das Gándaras. Segundo explicou, “despois de aceptar que o plan Paradai é unha actuación necesaria para a cidade, é preciso que a Xunta renove tamén a principal vía do barrio, comezando as obras na Calzada das Gándaras”.

ADXUDICACIÓN



A Xunta do Goberno Local aprobou a adxudicación da cafetería do Centro de Empresas e Innovación (CEI-Nodus), polo que a nova concesionaria retomará a súa actividade nas vindeiras semanas. O Concello de Lugo rebaixou o canon a 500 euros ao mes e finalmente a oferta da nova adxudicataria pagará 706 euros mensuais.

O PP pide bonificacións os donos dos terreos rústicos que pagarán IBI urbano

O PP asegura que o Goberno local reconece que os terreos rústicos da zona rural pagarán IBI urbano e pide bonificacións para os afectados. “Trátase de 15.451.424 m2 de solo en áreas de expansión que pagarán como urbanos aínda que non gozarán dos dereitos desa clasificación ata que se esgoten as áreas do núcleo”. A voceira explica que “un dos motivos polos que o Partido Popular votou en contra da suba de impostos en Lugo é por unha medida que o goberno local de PSOE e BNG propoñen e que afecta á zona rural.



Dentro do solo de núcleo rural hai unha parte moi importante que está catalogada como area de expansión, son máis de 15 millóns de metros cadrados de solo. Ata o de agora por estas fincas se tributaba como solo rústico pero unha vez aprobado o 5 % do PXOM se pasan a considerar como inmoables urbanos e tributarán como tal. A confirmación desta situación chega da man do propio Goberno, que nunha contestación a preguntas do PP reconece que estes inmoables tributarán cun tipo de gravame urbana.

¡Somos artesanos!

Pan artesano 100% con masa madre

Molino propio

PANADERIA · PASTELERIA

O PAN DO PAIS

CAFETERIA

☎ 982 24 02 35

SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...

LEYDAK cocinas

MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA
MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS
ELECTRODOMÉSTICOS
REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA
INTERIORISMO Y DECORACIÓN

VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!

Rúa da Liberdade 88, baixo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335

O Concello insta á Xunta que se faga cargo do custo orzamentario do SAF

A área socialista do Goberno local defendeu no pleno ordinario unha proposición na que reclama ao Goberno autonómico a que a súa achega económica para o mantemento do SAF sexa igual á diferenza entre o custo do servizo menos o importe da participación da persoa usuaria no custo do servizo, tal e como recolle a lexislación autonómica.

“A Xunta está a incumprir a súa propia normativa. No encontro mantido entre o señor Rueda e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias fai xa máis de tres meses abordáronse cuestións que afectan o ámbito local como o financiamento de servizos e, entre eles, o Servizo de Axuda non Fogar”, sinala ao respecto a edila de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

Durante esta xuntanza, o presidente

da Xunta “comprometeuse a revisar a achega autonómica ao financiamento desta prestación. É urxente e necesario que cumpra a súa palabra coa maior celeridade posible para así revertir a deriva na que o seu executivo esta a mergullar aos servizos sociais no noso municipio e en toda Galicia”.

“A nosa realidade social, con máis do 23% de persoas maiores de 65 anos, cunha taxa de dependencia da poboación maior de 64 anos na provincia de Lugo de 47’71 e cun índice de envellecemento do 269’05, avala a necesidade de apostar por un sistema público, áxil e eficiente que dea solución efectiva aos coidados derivados da dependencia”, afirmou López Racamonde.

A iniciativa socialista recorda que a

achega do Goberno de España para dependencia amosa nos tres últimos anos un incremento acumulado de 3.792,5 millóns de euros, o que supón recuperar o 94% dos recortes realizados polo goberno de Mariano Rajoy no ano 2012, tras a aprobación do RDL 20/2012. “Sen embargo o incremento orzamentario do Goberno central tivo un efecto perverso nalgúns gobernos autonómicos, como o galego, que aproveitou esta suba para reducir os presupostos propios en lugar de utilizar o aumento para atender ás persoas en situación de dependencia que se atopan nas listas de espera ou mellorar a calidade das atencións, incrementando as contías das prestacións económicas ou mellorando a intensidade e compatibilidade dos servizos”, lamentou a concelleira.

O servizo de Orientación Laboral atendeu a 300 persoas no último ano

O Espazo Lab, o servizo de Orientación Laboral do Concello de Lugo, atendeu a preto de 300 persoas durante o último ano, facilitando a súa inserción no mercado laboral. Así o destacou o edil de Dinamización Económica, Mauricio Repetto, quen subliñou que desde a reactivación do servizo en 2019, este departamento, situado no CEI Nodus, prestou apoio a máis de 3.000 persoas desempregadas, ofrecendo entrevistas e itinerarios personalizados de inserción.

A pesar de que as competencias en materia de emprego son autonómicas, Repetto destacou que Espazo Lab se converteu nun referente en orientación laboral dentro do

municipio. O servizo atende tanto a persoas derivadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia como a aquelas que solicitan asesoramento voluntariamente. Dos usuarios atendidos no último ano, o 59% foron mulleres e o 21% eran menores de 30 anos. En total, realizáronse máis de 500 entrevistas e Itinerarios Personalizados de Inserción (IPI), co obxectivo de mellorar as oportunidades laborais da cidadanía.

O servizo busca crear unha ponte entre empresas e demandantes de emprego, axustando perfís profesionais ás necesidades das empresas e promovendo novas oportunidades de ocupación e formación.

Isabel Rodríguez destaca a aposta do Goberno pola transformación dixital

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, destacou o firme compromiso do Goberno coa transformación dixital das pequenas e medianas empresas (pemes) durante un encontro con responsables da empresa lucense Rafer, adxudicataria do programa de axudas da segunda convocatoria “Xeración Dixital Pemes” do Ministerio de Industria e Turismo. Estas accións enmárcanse no Plan de Recuperación e Resiliencia do Goberno, destinado a impulsar a modernización do tecido empresarial e aumentar a competitividade das pemes en todo o territorio nacional.

Durante o encontro, Rodríguez subliñou a importancia da nova con-



vocatoria de axudas, que permitirá a 350 persoas recibir formación “sobre cuestións fundamentais como ciberseguridade, facturación electrónica, automatización d procesos ou acceso a subvencións”. Esta formación

está dirixida tanto a autónomos e autónomas como aos traballadores das peme que necesiten actualizar ou desenvolver competencias en dixitalización, co fin de mellorar o rendemento das súas empresas.

Unha campaña buscará a dinamización do comercio local no Nadal

Paula Alvarellos, acompañada do concelleiro Mauricio Repetto, e do presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, visitaron a iniciativa mensual Comercio na Rúa, na que colaboran o Concello e a Federación.

Durante o percorrido, compartiron cos comerciantes o obxectivo do Goberno local de poñer en marcha unha campaña de dinamización do comercio local e de proximidade coincidindo coas datas de Nadal, para respaldar a súa actividade, que será presentada nas próximas semanas.

Neste sentido subliñaron que “este esforzo compartido non só xera riqueza, senón que tamén asegura que os negocios locais poidan manter postos de traballo de calidade, fortalecendo así a nosa economía e identidade de cidade”.

A alcaldesa engadiu que “desde o Concello estamos a traballar con iniciativas que permitan manter o comercio local activo e atractivo durante todo o ano, ofrecendo novas oportunidades de dinamización ao longo dos próximos meses”.



*Clinica dental
Mosquera Otero*







- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

Te damos
una razón
PARA SONREIR

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

A Hedreira presenta a nova programación

O centro sociocultural autoxestionado A Hedreira mantén abertas as inscricións para as súas novas propostas este curso. Os luns é a quenda da actividade Contact, que se imparte de 16.00 a 17.00 horas.

Ademais estrean os martes un obradoiro de Improvisación teatral, de 20.30 a 22.00 horas. Tamén os martes ofrecen Capoeira de 19.30 a 20.30 horas e s mércores teñen KPop de 17.00 a 19.00 horas e Danza do ventre de 19.00 a 20.30 horas. Parapono Teatro impartirá Adestramento teatral, unhas aulas abertas e totalmente de balde os martes e xoves de 17.00 a 19.00 horas.

Os venres de 20.30 a 22.00 horas terán unha iniciativa para aprender galego orientada ás persoas estranxeiras e os luns imparten un curso de iniciación ao árabe. Tamén hai costura tamén os luns ás 21.00 horas.

A Asociación de Dano Cerebral presenta a nova web

A Asociación de Dano Cerebral (Adace Lugo) presentou a nova páxina web do colectivo, realizada coa colaboración da Deputación. Fíxoo durante unha xornada que serviu para presentar a nova imaxe do colectivo social, que agora substitúe a marca Adace Lugo por Dano Cerebral Lugo. A Deputación colabora con esta asociación cunha achega de 12.000 euros que renova cada ano. Esta axuda permítelle ao colectivo contratar a un neuropsicólogo que desenvolve diferentes terapias no centro de día e no servizo de atención ambulatoria da asociación, tanto para os afectados como para os seus familiares.

A XIX edición do Concurso de Tapas de Lugo será do 8 ao 24

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentou xunto co presidente da Asociación Provincial de Empresarios da Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL), Cheché Real, e o vicepresidente da Asociación, José Manuel Cela, a XIX edición do Concurso de Tapas de Lugo, que terá lugar entre o 8 e o 24 de novembro.

Entre o 8 e o 24 de novembro os locais participantes ofertarán as súas tapas a todas as persoas que o desexen, que exercerán de xurado para escoller a tapa gañadora e as finalistas, que serán avaliadas posteriormente por un xurado profesional. As persoas que o desexen, poderán

votar as distintas tapas mediante un cupón de votación individual, que deberá ir selado polos establecementos participantes. Cada tapa poderá ser puntuada cunha nota do 1 ao 5. Todos os cupóns presentados participarán no sorteo de distintos premios, os cupóns participantes cun mínimo de 12 establecementos visitados, participarán no sorte o dunha escapada gastro-relax para dúas persoas no Hotel Abadía de los Templarios, en Salamanca, e os selados por 25 establecementos participarán no sorteo dunha viaxe dunha semana para dúas persoas a París. Ademais, este ano púxose en marcha un novo sorteo a través da



rede social Instagram, onde todas as persoas que sigan á APEHL (@eparacomerlugo) e publiquen algunha das tapas participantes coa etiqueta #concursoftapaslugo participarán no sorteo de 3 ceas sorpresa.

A edición 2024 do concurso de tapas de Lugo conta con 43 locais de hostalería participantes distribuídos por toda a cidade: 3 pés, a Laxa, Anda, Antas, Ave César, Bulló Xantar, Casa D'Auga, Colmado 1769-Pazo de Orbán, Desnivel tapas e copas, Devega, Eduri, El Boni (gañador en edicións anteriores), El Dotmas Bas,

Galo, Gran Café (Gran hotel de Lugo), Hotel Mercure Lugo Brasas Brancas, Karrusel, La Cosechera de 1977, La pepita Burger Bar, La terraza del Méndez, Las Cinco Vigas, Malizzia Street Food, Mesón El Castillo, O Castor, O Cincuenta e Seis, O Fígón, O Mercado, O Portalón do Gordo, O Pote, Orixe do Campo, Ourizo, Paprica (gañador en edicións anteriores), Parada 33, Pasarela, Portal 36, Prebe by Bret, Pulpería o Castelo, San Marcos Café, Santeiro's Terraza, Taberna Pimentel, Tapería Beira, Tapería o Peque e Toni Portela.

Contratan o novo servizo de control de pombas

O Goberno local contratará o novo servizo de control de pombas na cidade para os vindeiros cinco anos por preto de 90.000 euros.

Optarase así por aportar máis medios, recursos e unha maior especialización a este servizo, ao tempo que é escrupuloso coa Lei de Benestar Animal e co resto da normativa vixente.

Así, a área de Transición Ecolóxica dá continuidade ao servizo, incidindo no control de pragas e en zonas con sobre poboación, unha tarefa que permite manter baixo control o número de exemplares na cidade.

O novo contrato terá unha vixencia de tres anos, prorrogable por dous, o que suporá un investimento de 89.600 euros para os vindeiros lustros. O servizo incorpora varias melloras respecto ao anterior contrato, principalmente mediante a incorporación de máis medios e recursos, e dunha maior especialización da empresa encargada de acometer estes traballos, co obxectivo específico da limitación do número de exemplares destas aves na cidade, conseguindo reducir o seu tamaño poboacional. O novo servizo realizará un censo da poboación de pombas.

EMERXENCIAS



Os integrantes do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) de Lugo recibiron formación específica para o control de emerxencias en parques eólicos e aeroxeradores. A sesión formativa comezou no parque de bombeiros de Lugo e a continuación os membros do corpo desprazáronse ao parque eólico de Monciro para realizar, en primeiro lugar, un exercicio técnico coa subida a un aeroxerador e, finalmente, un simulacro de emerxencia, mediante o rescate a unha persoa.

HAMBURGUESAS GOURMET
(Cachena, Porco Ceita...)

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

& BRAIS

Rafael de Vega, 10 bajo
Tel. 982 59 38 92 LUGO

-DESAYUNOS
-RACIONES
-PLATOS COMBINADOS
-COMIDAS A LA CARTA

NUEVA CARTA ¡Visítanos!

MENÚ DEL DÍA 12 €

TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y C.E. Breogán S.A.D.

Chegar e encher de:

- FRONTIÑA
- CHALCUTIÑA
- CONXELADOS
- ASADOS DE
- POLOS COBIDOS
- PANADERÍA

Braais CARNICERÍA

PRODUCCIÓN PROPIA, EXCLUSIVIDADE EN TENREIRA CACHENA

SERVIZO A: -HOSTALERÍA -COLEXIOS -DOMICILIO

RECIBIMOS CALDOS E UEDAS CALDOS PARA CONXELADOR

Rúa Montero Ríos, 40 Baixo - Tel. 982 872 180 LUGO

Éche o que hai!!!

- TENDA GOURMET
- DOCEGA
- PETISCOS
- DELICIAESSEN
- PRODUTOS
- CALIDADE PREMIUM

EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA Deportiva
Neurolóxica
Traumatolóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPTE

TRATAMIENTOS
Accidentes de tráfico
Lesiones Deportivas
Neurológico
Traumatolóxico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

O bus urbano de Lugo bate récord de usuarios durante o San Froilán

O tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, fixo balance sobre o uso do bus urbano durante as festas do San Froilán 2024, destacando que se rexistraron 61.673 usuarios ao longo das celebracións. "Superamos os datos do ano pasado, o que non só demostra o éxito das festas, senón tamén que a veciñanza está apostando polo bus urbano como medio de transporte habitual", afirmou Arroxo. Comparado co 2023, cando se alcanzaron 55.074 usuarios, esta foi a edición con maior afluencia.

Arroxo destacou que este 2024 está sendo un ano récord no uso do transporte público en Lugo, e mantén a expectativa de que, de continuar esta tendencia, será o mellor ano da historia para o bus urbano. Ademais, lembrou que os transbordos representan un 3% dos billetes expedidos, evidenciando un aumento significativo de usuarios. Lugo



mantén o transporte máis económico das cidades galegas e o terceiro máis barato das capitais de provincia do estado español.

Grazas á Tarxeta Cidadá, máis de 30.000 persoas xa desfrutan de descontos que reducen o prezo do billete ordinario a 0,45 euros, e a 0,31 euros para pensionistas, des-

empregados, estudantes ou persoas con mobilidade reducida. Arroxo subliñou tamén a vantaxe dos transbordos gratuítos en todas as tarifas. Este balance positivo reflicte o compromiso do goberno local por seguir mellorando o servizo de transporte público e facelo máis accesible para a cidadanía.

Máis dun millón de quilos de residuos

O dispositivo de limpeza especial activado polo Concello de Lugo retirou un total de 1.115.180 quilos de residuos entre o 4 de outubro ás 20:00 e o 14 de outubro ás 5:30. Comparativamente, en 2023, cando as festas contaron cun único fin de semana, recolléronse 963.520 quilos de residuos. Este ano, con dous fins de semana de celebracións, rexistrouse un incremento do 15,74 % na cantidade de residuos recollidos, o que reflicte a gran afluencia de visitantes que se achegaron á cidade.

"Estamos moi satisfeitos coa eficacia deste dispositivo, que non só permitiu manter a cidade limpa, senón tamén garantir que a actividade diaria puidese desenvolverse con normalidade grazas ao traballo



intensivo a primeira hora de cada día," destacou o concelleiro de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández. A cobertura foi ampla, abarcando tanto as zonas máis céntricas, como a Praza Maior, a Praza de Santa María e a Horta do Seminario, así como

barrios como Sagrado Corazón e As Gándaras. Este ano, reforzáronse especialmente as zonas máis concurridas, como as casetas do polbo e as áreas de ocio nocturno, garantindo unha recollida áxil e eficaz dos residuos.

Lanzan unha nova edición dos talleres de prevención de adiccións

O Goberno local de Lugo, a través da Concellería de Xuventude dirixida por Jorge Bustos, lanza unha nova edición dos talleres de prevención de adiccións, que estarán dispoñibles ao longo do curso 2024/2025 en centros escolares e para familias.

Entre os talleres dispoñibles destacan Desconecta, para alumnado de primaria, e Unplugged, dirixido á adolescencia, ambos con enfoques dinámicos e metodoloxías baseadas na evidencia para retrasar a idade de inicio no consumo e fomentar estilos de vida saudables. Un dos puntos destacados deste programa é o obradoiro monográfico sobre cannabis, vapeo e outras formas de consumo de tabaco, pensado para que o alumnado de secundaria coñeza a realidade des-

tas substancias e a súa evolución como novas formas de consumo aditivo. A través deste taller, os participantes aprenderán a identificar os mitos asociados ao consumo de vapeadores e os perigos que estas prácticas poden xerar, desmontando crenzas e promovendo hábitos saudables.

Para o alumnado de maior idade, como os estudantes de Formación Profesional Básica e Secundaria, desenvolverase o obradoiro Dobre Check, centrado en habilidades sociais e comunicación efectiva.

As actividades incluírán tamén unha sesión sobre adiccións e educación viaria, dirixida á mocidade a partir dos 16 anos, onde se abordarán temas coma os perigos asociados ao consumo e á conducción, coa colaboración da Policía Local.

NOVO PUNTO VIOLETA



A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, acompañada pola xefa da Unidade contra a Violencia sobre a Muller, María Luisa Castro, inaugurou un novo Punto Violeta na Dirección Provincial de Muface de Lugo. O obxectivo desta ampliación progresiva do servizo responde á vontade de fortalecer a rede de seguridade para as mulleres que estean a sufrir violencia machista. As empregadas da oficina recibiron formación para seguir o protocolo indicado no caso de que unha muller pida axuda neste espazo.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Lugo, primeira cidade en lograr a Bandeira Verde

A Xunta concendeu a Bandeira Verde de Galicia a un total de 24 concellos das catro provincias en recoñecemento ao seu compromiso medioambiental e ás boas prácticas desenvolvidas no eido do coidado da paisaxe e da súa contorna.

O Goberno galego impulsou en 2020 este distintivo para poñer en valor o traballo que están a realizar moitos concellos e animalos a seguir por ese camiño, a conselleira amosouse satisfeita pola acollida desta última convocatoria, no marco da cal o Instituto de Estudos do Territorio (IET) recibiu 34 solicitudes.

Unha vez analizados todos os expedientes, resolveuse outorgar 24 galardóns a outros tantos concellos, o que supón un 33% máis que na edición anterior e a cifra máis alta de bandeiras verdes concedidas desde a creación deste distintivo.

Ademais, 11 dos municipios lucrán o galardón por primeira vez. Concretamente son: Ares, Begonte, Boiro, Cospeito, Larouco, Lugo, Muíños, Ribadeo, San Sadurniño, Silleda e Vilariño de Conso.

De feito, Lugo é a primeira meira

cidade galega en obter a bandeira verde. Así mesmo, Porto do Son revalida por quinto ano consecutivo a súa bandeira verde, o que o converte no único concello galego que foi premiado en todas as convocatorias realizadas ata o de agora.

Ademais de Porto do Son, repiten como municipios galardoados, nunha ou en varias edicións anteriores, os de Cervo, Curtis, A Illa de Arousa, Muros, Ordes, Outeiro de Rei, Parada de Sil, Porqueira, Ribeira, Sanxenxo, Sober e A Laracha, que exerce como anfitrión.

Cómpre lembrar que a concesión deste recoñecemento supón, ademais, un mérito que se ten en conta e puntúa para a obtención de subvencións convocadas pola Xunta en materia de patrimonio natural e tamén no eido da xestión dos residuos.

Ángeles Vázquez aproveitou a súa intervención para avanzar que o Goberno galego manterá nos orzamentos de 2025 a súa aposta polo fomento do fermosismo e a protección da paisaxe, obxectivos compartidos tamén polos 24 concellos galardoados coa Bandeira Verde de Galicia.

A 22ª edición do Día do Veciño bateu récords con 5.500 persoas

A 22ª edición do Día do Veciño, organizada pola Federación de Asociacións de Veciños de Lugo no Pazo de Feiras e Congresos da cidade lucense superou este ano o récord de participación coa asistencia 5.500 persoas de diferentes entidades e colectivos da provincia. Esta cita conta cunha achega da Deputación de 18.000 euros e un lote de produtos de proximidade valorado noutros 6.000 euros.

“Para min ten un sentido moi especial asistir cada ano a esta festa que xunta a veciños e veciñas de toda a xeografía lucense. Persoas para as que traballamos cada día dende a Deputación da man dos Concellos, para conseguir máis e mellores servizos”, sinalou Tomé Roca durante a súa intervención. O mandatario provincial animou ós asistentes a gozar dunha “festa de convivencia, de irmandade e para compartir o orgullo que sentimos como veciños da provincia”.

José Tomé Roca tamén entregou



esa V de Veciño ao Ministro de Transportes e Mobilidade Sostible de España, Óscar Puente; a Alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco; os presidentes da Asociación de Veciños Santiago de Adelan, e da Comunidade de Monte Veciñal e Mancomún Corva, Fernando González Palmeiro, e José Manuel Pena Regueiro; e a secretaria da Asociación Veciñal Penedos do Zorro de San Miguel de Vilapedre de Sarria, María Mónica López. O Día do Veciño

reflicte, en palabras do Presidente “o espírito veciñal, o de axudarnos uns ós outros, o de estar presentes cando máis se necesita, é o que nos sostén como sociedade. Ese mesmo espírito que, durante xeracións, nos acompañou en tempos de dificultade e nos fixo máis fortes”. Destacou ademais que este tipo de encontros “fortalecen os lazos entre nós” e ademais “nos inspiran a continuar construíndo unha provincia mellor, máis xusta e solidaria”.

Ingresna na Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia Azucena del Carmen Mora Gutiérrez

A catedrática de Microbioloxía na Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo, Azucena del Carmen Mora Gutiérrez vén de tomar posesión da cadeira número 21 da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia.

Ao acto, que tivo lugar no salón de actos do Pazo de San Marcos, asistiu o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé; o presidente da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia, Antonio Crespo Iglesias; a tenente de alcaldesa de Cohesión Social e

Territorial, Ana González Abelleira; e o vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo, Francisco José Fraga López, entre outras autoridades.

Azucena del Carmen Mora Gutiérrez abordou na súa intervención de ingreso a problemática da resistencia aos antibióticos desde a perspectiva One Health, o enfoque que conecta a saúde humana, animal e ambiental.

Recentemente, foi recoñecida co



premio do Plan Nacional de Resistencia aos Antibióticos (PRAN) á mellor iniciativa de investigación polo seu traballo ‘Monitorización integrada del flujo de resistencias a antimicrobianos (RAM) y dianas de intervención del medio ambiente, a la granja y a la mesa’.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



ACADEMIA DE ESTUDIOS

EL BUHO

Calle Tuy 76, Bajo, 27004 Lugo.
TEL: 685 99 89 77







CLASES DE REPASO

Por semanas y quincena

TODAS LAS ASIGNATURAS

Francés e Inglés





Por Lugo:

VAI EN BUS



Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com

#activandolugo

Marisol Bravos recibe o Premio José Castiñeira na súa primeira edición

Marisol Bravos López obtén o primeiro Premio José Castiñeira de Humanidades convocado polo Orfeón Lucense en memoria do seu fundador, en colaboración coa Diocese de Lugo, a Catedral lucense e a Familia Castiñeira. O premio está destinado honrar a persoas ou institucións que se distinguen polo seu labor humanístico, a prol da convivencia social e na mellora das relacións humanas.

O galardón concédese a Bravos polo labor de toda unha vida a prol das persoas con diversidade funcional, da superación de todo tipo de barreiras físicas ou sociais, dando exemplo de integración e abrindo camiños que centos de persoas poden percorrer libremente nun mundo máis grande e máis humano. O premio, consistente nunha placa, foi entregado no claustro da Catedral de Lugo despois da celebración do cabodano do P. Castiñeira. Foi concedido por unanimidade do xurado. Entre os seus membros



estaban Mario Vázquez, deán da Catedral e Vicario Xeral do Bispado; Jesús Salvador, director de Patrimonio Cultural da Diocese e Luis Varela, prefecto de música e párroco do Sagrado Corazón, en representación da Familia Castiñeira. Por parte do Orfeón Lucense, estaban Beatriz Enríquez, secretaria; Jesús Conde, vicepresidente e Xulio Giz, presidente, despois de estudar as trece candidaturas propostas por institucións e particulares.

Gonzalo Fernández, novo decano de Veterinaria

Gonzalo Fernández vén de tomar posesión como decano da Facultade de Veterinaria, apelando á unidade e ao servizo público da docencia. O profesor da USC e agora decano de Veterinaria sostivo que “queremos ser ambiciosos xa que, como se demostrou ao longo da historia desta facultade, o compromiso de todos os sectores que formamos esta comunidade superou situacións e obtivo resultados moi superiores aos que era de esperar polas circunstancias de cada momento”. Pola súa parte, o reitor argumentou que “foi un acerto traer os estudos de Veterinaria a Lugo”, lembrou,



por mor, entre outros aspectos “da vinculación da provincia co sector primario”. Antonio López tamén se detivo na “posición excelente” que Veterinaria acadou nos rankings internacionais de universidades.

O BNG presenta as prioridades do partido na comarca de Lugo

O Consello comarcal do BNG mantivo unha xuntanza de traballo, coa presenza da deputada Olalla Rodil na que analizaron algúns dos principais problemas que afectan agora mesmo os concellos da comarca e as liñas de traballo que imos desenvolver tanto a nivel social como institucional. Neste senso, fixaron como prioridades para os próximos meses a defensa dos servizos públicos, especialmente a sanidade e a educación. Din que unha parte importante dos concellos están vendo con se reduce a atención médica, carecen de pediatra.

“Vémolo en Doiras, na Fonsagrada, na Ribeira de Piquín en Castro de Rei, Outeiro de Rei ou Cospoito. De

igual maneira, vivimos un inicio de curso conflictivo pola falta de persoal docente en moitos centros da nosa comarca, especialmente para atender o alumnado con necesidades educativas especiais”. Aseguran que os recortes do PP en servizos públicos están impedindo á veciñanza da nosa comarca contar con servizos de calidade o que vulnera os seus dereitos. Tamén loitan pola defensa do sector agrogandeiro, “un sector estratéxico, especialmente ameazado na comarca da Ulloa polo proxecto da macrocelulosa de Altri”.

Desde o BNG seguirán denunciando as nefastas consecuencias que tería a instalación desta bomba ambiental e seguiremos apostando por un mo-

delo de desenvolvemento industrial diferente, sostible e sobre todo ao servizo das galegas e galegos.

A vivenda será outra das prioridades. Destacan as cada vez maiores dificultades para acceder a unha casa, non só na cidade de Lugo, senón tamén en vilas como Sarria tanto pola falta de vivenda pública como pola cada vez máis crecente presión das vivendas turísticas. Culpa así ao PP na Xunta “que paralizou durante 15 anos a política social de vivenda”.

Por último, sinalan a defensa da lingua galega vai ser un eixo central do traballo diante da caída en picado tanto do número de falantes como do grao de coñecemento que a mocidade ten da súa propia lingua.

Participación Cidadá pide especialistas para atender ao colectivo LGTBI+

O salón de plenos do Concello de Lugo acolleu a reunión do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade. Durante o encontro, acordouse por unanimidade solicitar á Xunta de Galicia a dotación de persoal especializado e recursos para os centros Quérote, co obxectivo de mellorar a atención ao colectivo LGTBI+.

Ángeles Novo, edil de Muller, Igualdade e Inclusión e vicepresidenta do foro, destacou que “os centros Quérote precisan de persoal especializado para prestar unha atención adecuada ás persoas LGTBI+”. Novo explicou que, actualmente, estas persoas son atendidas nos Centros de Atención á Muller (CIM), pero estes foron creados para prestar asistencia exclusivamente a mulleres, e o persoal non conta coa formación específica



para tratar as necesidades do colectivo LGTBI+. Ademais, subliñou que os CIM están xa saturados debido á alta demanda de servizos. Durante a reunión, tamén se puxo de manifesto que o CIM de Lugo atende a mulleres de outros municipios da provincia, xa que Lugo só conta con 11 centros deste tipo,

fronte aos 17 de Ourense, 27 de Pontevedra e 29 da Coruña. “Pedimos que se dote de recursos aos centros Quérote para garantir unha atención adecuada a todas e todos”, engadiu Novo. Outro tema tratado foi a creación dun centro de atención a vítimas de agresións sexuais no HULA.

Óscar Rodríguez, segundo no mundial de oratoria

Oscar Rodríguez proclamouse subcampión do Mundial de Oratoria, competición que organizan a liga Española de Debate Universitario (Ledu) e a Rede Latinoamericana de Cooperación Universitaria, e que se disputou na Universidade de Belgrano (Bos Aires, Argentina).

A final a catro contou con representantes de Argentina, España e Perú: Stefania Fossa (Universidade de Belgrano, Argentina), Alberto García Chaparro (Universidade Pontificia Comillas), Óscar Rodríguez (Universidade Carlos III de Madrid, España)

e Stefanny Diana Gamarra (Universidade Nacional Maior de San Marcos, Perú). Tras vencer o seu duelo en semifinais fronte á argentina Stefania Fossa, o mozo lucense de 19 enfrontouse na final a outro español, o malagueño de 22 anos Alberto García Chaparro, estudante de Dereito e Relacións Internacionais na Universidade Pontificia de Comillas. Articularon os seus discursos ao redor de: *é admisible que os países menos avanzados contaminen en maior medida ata alcanzar o nivel de progreso dos máis desenvolvidos?*



Óscar Rodríguez, que cursa segundo de Economía e Estudos Internacionais na Carlos III de Madrid, obtivo hai apenas unhas semanas o título de Mellor Orador da liga Española de Debate Universitario 2024.

25 DE NOVIEMBRE



O Vello Cárcere acolleu, por segundo ano consecutivo, o acto organizado pola Delegación do Goberno con motivo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, que conxugou nesta ocasión a palabra, a música e a danza.

Entregados os terreos para a nova Comisaría da Policía en Abella

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, anuncio que os terreos necesarios para a construción da nova Comisaría de Policía Nacional en Abella xa están ao dispor do Ministerio de Interior.

Así, a alcaldesa informou de que na Xunta de Goberno Local aprobouse a cesión dos terreos acordados coa Dirección Xeral da Policía Nacional e coa Delegación do Goberno de España en Galicia nos encontros celebrados ao longo dos últimos meses e que chegaron á súa culminación na reunión mantida con ambas as institucións o pasado 9 de outubro na casa do concello, na que o responsable da área de Infraestruturas Policiais e a arquitecta da Sección Norte do Servizo de Arquitectura da Policía Nacional confirmaron a idoneidade dos terreos ofertados polo Concello, que contan coa edificabilidade necesaria para o proxecto que se quere levar a cabo.

Deste xeito, aprobouse a transmisión con cambio de titularidade de dúas parcelas, unha de 2.117 metros cadrados, sita no número 1 da rúa Orquídea, e outra de 483 metros de superficie situada no número dous da rúa Aquilino Iglesias Alvariño, situada fronte á anterior e destinada a prestar servizos complementarios da actividade que se desenvolverá na nova sede da Policía Nacional en Lugo. Ambos os terreos, valorados en 1.005.399 euros, pasarán así a titularidade da Administración Xeral do Estado para a súa afectación permanente ao Ministerio de Interior para ser destinadas á construción da nova comisaría.

Así mesmo, a rexedora continuou evidenciando a actitude de "blo-



queo mostrada polo Partido Popular en todo o proceso". "Primeiro, o goberno de Mariano Rajoy gardou nun caixón este proxecto. Despois, o presidente da Xunta nese momento, Alberto Núñez Feijóo, incumpriu a súa palabra de facilitar a construción da nova comisaría na zona norte da cidade non achegando os terreos necesarios no ámbito da antiga Residencia, e, posteriormente o grupo municipal do PP quixo enredar e desviar a atención sobre este asunto propoñendo como posible sede o edificio de Obras Públicas sabendo que non cumpría os requisitos necesarios", dixo.

"Con todo, e pesar de todo este ruído mediático, seguimos traballando en silencio, coa dilixencia precisa e o rigor necesario, para conseguir o noso obxectivo de dotar a Lugo dunha nova comisaría de Policía Nacional e que esta se sitúe na zona norte da cidade, algo para o que contamos en todo momento co máximo compromiso e colaboración por parte da Delegación do Goberno á que quero

trasladarlle o meu agradecemento", concluíu.

RESPOSTA DA OPOSICION. Desde o Partido Popular consideran que "se cumpríu o obxectivo da iniciativa que levamos a debate para impulsar a Comisaría da Policía Nacional. Consequimos que o goberno local se reactivase este asunto", celebran.

Así, os populares aseguran que "as casualidades non existen en política" e por iso "incluíron na xunta local que se celebrou minutos antes do pleno a cesión dos terreos ao Ministerio do Interior", sosteñen. E din que "se deu un paso máis para a construción da nova Comisaría da Policía Nacional, o que nos reafirma en que é imprescindible o traballo da oposición", e matizan que "cando rectifican, avanzamos un pouco, pero non todo o que nos gustaría". Finalmente, indicaron que o goberno local recoñeceu no debate que empezou a traballar nesta cuestión hai xusto un ano, "cando o PP puxo enriba da mesa unha proposta".

Inician os ensaios cun bioherbicida na Muralla

A Xunta de Galicia iniciou os ensaios cun bioherbicida a base de ácido pelargónico para eliminar a vexetación da Muralla de Lugo, desenvolvendo así unha das medidas previstas no Plan Director para a conservación do monumento.

O delegado territorial, Javier Arias, explicou que o obxectivo é atopar un método de limpeza respectuoso coa fauna e o medio ambiente e idóneo para calquera época do ano, pensando especialmente na primavera e o verán, a tempada alta de turismo que coincide coa nidificación dos cirrios nos paramentos.

O procedemento está a ser supervisado por especialistas, baixo a dirección do responsable do Plan Director, o arquitecto Ignacio López de Rego. Nunha primeira fase estudáronse no laboratorio os posibles efectos sobre a pedra e o morteiro,

con resultados satisfactorios.

Hai quince días procedeuse a probar a súa eficacia en catro cuadrículas delimitadas xunto ao cubo LXXI, fronte ao Edificio Administrativo, das que se está a facer seguimento. A solución aplicada ten en todos os casos o ácido pelargónico como principio activo, pero usáronse distintas técnicas e concentracións segundo os diversos tipos de plantas, densidade ou tipoloxía de morteiro, entre outras consideracións.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude valorará a súa efectividade e incidencia sobre os muros, e se os resultados son positivos estenderase a lenzos enteiros durante a próxima primavera. A última fase consistiría en aplicala sobre todo o perímetro, xa no vindeiro outono, e propoñer a súa incorporación aos protocolos de mantemento.

ANTIGA ESCALEIRA



A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude decidiu deixar visible a escalera recentemente escavada no cubo LXXI da Muralla, e está traballando no proxecto para determinar a protección que instalará tanto para a súa conservación como para a seguridade das persoas.

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

Gran parte da obra de Santo Domingo rematará antes de Nadal

O Concello de Lugo vén de aprobar o Modificado da obra de humanización de Santo Domingo. O documento recolle as variacións que foi necesario introducir atendendo a circunstancias sobrevidas que se produciron no transcurso do proxecto como foron as conclusións do estudo estrutural unha vez que se realizaron os ensaios na fase de obra sobre a capacidade de resistencia dos estacionamentos soterrados ou a aparición de achados arqueolóxicos.

Tal e como xa se avanzara, o importe dos traballos enmarcados no Modificado ascenden a un total de 315.736 euros sen que esta circunstancia implique un encarecemento sobre o prezo de licitación manténdose por debaixo do custo inicial previsto. A empresa adjudicataria disporá agora dun prazo de 5 meses para levar a cabo os labores restantes, que deberán estar finalizados o 23 de marzo de 2025, aínda que a previsión é que o groso das tarefas, especialmente aquelas que levan consigo maiores limitacións para a mobilidade peonil, estean executadas antes do período de Nadal.

Deste xeito, o persoal técnico municipal, en colaboración coa dirección de obra, deseñou unha planificación para os próximos meses que pretende conciliar o uso comercial e recreativo que se concentra nesta contorna coas necesidades de mate-

rialización da propia obra para que a mesma poida avanzar e rematar canto antes, de maneira que permanecerán operativos tres equipos de traballo en simultáneo. Así, dentro do cronograma establecido continuarase coa instalación de servizos na zona comprendida entre as rúas da Raíña e Progreso, de xeito que se agarda que esta superficie estea formigonada antes de que remate o ano para permitir, posteriormente, a colocación da pedra unha vez remate o Nadal.

De forma paralela, seguirase coa pavimentación da zona inferior no tramo comprendido entre as rúas da Raíña e Armanyá e iniciarase a execución dos traballos nas zonas

verdes coa demolición de pavimentos na superficie a ampliar onde se instalará nova iluminación baixo criterios de perspectiva de xénero, alén de renovarse os sistemas de rega e de recollida de augas pluviais entre outros cometidos. A previsión é que antes de que finalice decembro o pavimento xa estea colocado nese treito e a nova zona verde poida estar delimitada para concentrar dentro dela os labores, conservándose igualmente o espazo reservado á circulación peonil e rodada na súa situación actual, pegado ao Convento. Por outra parte estímase que nestas datas os arredores do monumento ao Bimilenario xa estean formigonados só pendentes de pavimentar.



O PP critica o estado das rúas no casco histórico

A voceira do Partido Popular, Elena Candia, e o vicevoceiro Ramón Cabarcos, criticaron as intervencións do proxecto “Corazón Verde” nas rúas do recinto amurallado, afirmando que estas son “máis febles” que as anteriores. Segundo os populares, as novas rúas non soportarán o tránsito habitual de vehículos, dificultando a vida e a actividade económica no centro da cidade. Como exemplo, compararon a rúa Bolaño Rivadeneira, que presenta un espesor de entre 40 e 50 centímetros, coa rúa Quiroga Ballesteros, que conta cun pavimento de só 8 cm de granito e se atopa en mal estado a pesar de ser peonil.

No marco destas críticas, o PP presentou unha batería de propostas para mellorar a mobilidade na fu-

tura Zona de Baixas Emisións. As medidas están divididas en seis paquetes, adaptados aos diferentes perfís de usuarios, como residentes, traballadores, provedores de servizos e visitantes. Entre as solucións propoñen bonificacións en prazas de aparcadoiro para residentes sen garaxe, estacionamento temporal para provedores en rúas de baixo tránsito, e a creación de liñas de transporte público que conecten os aparcadoiros periféricos co centro.

Destacou a necesidade de habilitar espazos para vehículos lixeiros como motocicletas e bicicletas, e mellorar os servizos de transporte colectivo, con paradas estratégicas que faciliten o acceso ao centro da cidade para peóns con dificultades de mobilidade.

DESCONTENTO COS BANCOS



A veciñanza de Lugo denuncia o “sen sentido” da colocación dos bancos da Praza do Ferrol, xa que algúns están situados de maneira que as persoas que se sentan neles teñen que mirar cara a un edificio, en lugar de cara á propia praza.

Os socialistas esíxenlle á Xunta que abra o Museo da Romanización

A deputada socialista Lara Méndez reclamoulle á Xunta no pleno do Parlamento que “cumpra con Lugo” e recupere o proxecto do Museo da Romanización na cidade da Muralla. Lembrou que se trata dunha iniciativa que parte xa de finais dos anos noventa, co acordo do Concello de adquirir o antigo cuartel de San Fernando para convertelo nun equipamento cultural, unha compra que se materializou no 2003.

Durante o Goberno de Emilio Pérez Touriño, administracións municipal e autonómica asinaron un protocolo no que se incluíu, entre outros asuntos, a construción do Museo da Romanización, ao que seguiron os primeiros traballos no edificio, consistentes en catas arqueolóxicas para a rehabilitación do inmovible. Aínda que co cambio de gober-

no a Xunta do PP parecía manter a iniciativa, cun concurso de ideas e o anuncio dun investimento de 10 millóns de euros, no 2013 Feijoo paralizou o proxecto, que permanece bloqueado. Naquel momento xa contaba con deseño e proxecto básico.

Pese ás reiteradas demandas trasladadas durante os últimos anos, tanto a Feijoo como a Rueda, para que reactivaran o proxecto, e pese ás promesas de que se estudaría esa posibilidade, “non se fixo nada”, criticou a deputada lucense, que recordou que hai un ano, sendo ela alcaldesa, Rueda comprometeuse nunha comparecencia ante os medios de comunicación a financiar o museo, para negalo despois, pese a que a promesa está recollida en gravacións.

Lugo habilitará 13 novas zonas de estacionamento para motocicletas

Comezará unha nova actuación para aumentar os espazos de estacionamento reservados ás motocicletas. En total, habilitaranse 13 novas zonas que permitirán “facilitar que a veciñanza aposte por medios de transporte distintos ao coche”, indica o tenente Alcalde do Concello de Lugo e responsable da área de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo. O Goberno de Lugo optimizará os espazos de estacionamento da cidade, habilitando novas zonas para motocicletas, aproveitando espazos novos ou zonas sobrantas en estacionamentos en liña de coches. Esta solución executarase na praza Mártires de Carral, en catro puntos da Rolda da Muralla (cruce con Montero Ríos, 47, 112 e 130), na rúa Noriega Varela, na avenida Doutor García Portela, avenida Rodríguez Mourelo, praza da Milagrosa, rúa Angelo Colocci, praza Augas Férreas e en dous puntos da rolda das Fontiñas, á altura dos números 123 e 171.



Os traballos consistirán na renovación da sinalización dos estacionamentos xa existentes e na creación de novas zonas. Por exemplo, no cruce da Rolda da Muralla con Montero Ríos, aproveitarase a zona con cebreado como estacionamento. Para isto, procederase ao fresado do cebreado existente, e pintaranse novas marcas viais de motos, habilitando unha zona de estacionamento para motos de dimensións aproximadas 7x2,5m. Esta mesma solución

executarase na avenida Doutor García Portela, na esquina coa rúa Puro Cora, creando unha zona de estacionamento para motos de dimensións aproximadas 4x2m. En distintas zonas aproveitaranse espazos de estacionamento actuais para aumentar a cantidade de estacionamentos para motos, facilitando que as persoas usuarias deste tipo de vehículos poidan atopar lugar onde estacionar, “facendo que as nosas rúas contén con menos tráfico”, afirmou Arroxo.

Lugo contará cun novo centro de atención na antiga sede de Aspnaís

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, subliñou o incremento dun 10% dos orzamentos da súa área para 2025, que acadan unha nova cifra histórica ao chegar ata os 1.323 millóns de euros. Así o destacou durante a súa comparecencia na Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento galego, na que fixo fincapé en que as contas sociais incrementáanse case o triplo do que o fan os orzamentos xerais da Xunta.

Fabiola García lembrou a importancia duns orzamentos que este ano inclúen as competencias en dúas materias “fundamentais e de grande calado”, como son as de promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero. E incidiu en que

a “igualdade debe estar na base de todo, na base das políticas sociais que inciden directamente no día a día dos galegos e galegas”.

Para rematar, a conselleira fixo referencia aos novos centros de servizos sociais que se porán en marcha no vindeiro ano en Galicia e que permitirán crear 450 novas prazas públicas. Entre estes centros, destacou as residencias de maiores públicas que a Fundación Amancio Ortega está entregando á Xunta: a de Pontevedra, que será recibida este mesmo mes, e as de Coruña e Ferrol, que se porán en marcha en 2025 e que se sumarán ás de Santiago de Compostela e Lugo, que xa están operativas. A estas novas residencias sumarase a de Ribeira, que será a primeira to-

talmente adaptada ao novo modelo de cuidados, e que disporá en 2025 dun investimento de 12 millóns de euros. Ademais, e como novidade, Fabiola García tamén avanzou que no vindeiro ano destinaranse 1,3 millóns de euros a rehabilitar en Lugo o edificio da rampla de Claudio López (antiga sede de Aspnaís) para destinalo á creación dun centro integral de atención á saúde mental.

A conselleira explicou que o orzamento para 2025 tamén permitirá o incremento dos fondos para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que suben un 8% ata chegar aos 140 millóns de euros, o que implica un maior apoio para as entidades locais, incrementando horas e actualizando prezos.



O centro de saúde do Sagrado Corazón estará nunha parcela municipal

O Concello vén de enviar á Dirección Xeral do Sergas a proposta revisada do Convenio para construír o novo Centro de Atención Primaria no barrio do Sagrado Corazón. A alcaldesa, Paula Alvarellos, confirmou que o equipo técnico municipal aceptou os requisitos establecidos pola Xunta de Galicia, aínda que a intervención se realizará finalmente nunha nova parcela municipal para axustarse mellor a estas esixencias.

Segundo a rexedora, a Xunta limitou o seu compromiso coa creación exclusiva do centro sanitario, desatendendo as demandas cidadás de incluír novos equipamentos sociais no antigo terreo do colexio do Sagrado Corazón, o único espazo dotacional dispoñible no barrio. Ante esta decisión, o Concello propuxo un predio alternativo no polígono C de Paradai, que cumpre con todos os requisitos técnicos e urbanísticos. A parcela, cunha edificabilidade superior aos 1.600 m² esixidos, permitirá unha intervención máis eficiente desde un punto de vista patrimonial. O terreo está xa pavimentado, con acceso a servizos básicos como auga potable, saneamento e electricidade, o que

reducirá os custos de acondicionamento e facilitará o inicio das obras. A nova localización, preto da rotonda da rúa Serra de Meira, ofrece vantaxes adicionais, como unha topografía favorable para a construción e unha mellor conectividade, ao estar próxima á futura Estación Intermunicipal de Lugo. Ademais, a contorna conta con numerosas prazas de estacionamento. O Concello comprometeuse a realizar todos os trámites patrimoniais necesarios para ceder o terreo ao SERGAS e axilizar a concesión da licenza urbanística para o proxecto. Tamén se contempla unha modificación das ordenanzas fiscais para eximir o Sergas de certos impostos, facilitando así a obra. O Partido Popular acusou á alcaldesa de demostrar “falta de proxecto, de palabra e de seriedade” ao modificar a ubicación proposta para o novo centro de saúde. O PP lembra que Alvarellos inicialmente ofrecera á Xunta os terreos do antigo colexio para esta infraestrutura, mais agora suxire unha nova localización que, segundo Cabarcos, “nin sequera é da súa propiedade e está pendente de urbanizar”.

Presentado un novo proxecto de humanización na rúa Milagrosa

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroso, e o concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas, mantiveron unha xuntanza coa veciñanza do barrio da Milagrosa, onde foi presentado o proxecto de humanización e peonalización do tramo da rúa Milagrosa comprendido entre as rúas Mallorca e Xulia Minguillón. Este proxecto, explicou Arroso, “permitirá completar un corredor peonil permitirá conectar a praza da Milagrosa coa Fonte do Rei, facilitando un percorrido seguro e accesible para a veciñanza”. O proxecto terá un orzamento en base de licitación de 497.573,96 euros.

O proxecto de humanización tamén inclúe importantes melloras nas infraestruturas de abastecemento de



auga e drenaxe. A rede de abastecemento será renovada por completo, substituindo as antigas tubaxes de PVC por fundición dúctil, e instalando novas válvulas, bocas de rego e de incendio para garantir a segurida-

de e durabilidade da rede. Ademais, para a drenaxe superficial, colocárase unha liña de rígola en ambas marxes da calzada, que dirixirá a auga de escorrentía cara aos sumidoiros conectados á rede xeral.

Ahorra o nunca!!!

Estrena

hybrid

HIBRIDO
...en LugoMotor!

FORD PUMA
HYBRID
por
22.990*

* Consulta condiciones financiación.

TU NUEVO LOCAL DE
COPAS EN EL CENTRO
RÚA CATEDRAL, 14 - LUGO

Renovan o alumbeado en Fonte dos Ranchos e a avenida da Coruña

O tenente Alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, anunciou que a Tenencia de Alcaldía está a traballar no plan de renovación da rede de alumbeado público de Lugo, cunha renovación nas principais rúas que comunican a Fonte dos Ranchos coa avenida da Coruña.

Arroxo explicou que “seguimos traballando en distintas zonas da cidade para garantir un alumbeado público eficiente enerxeticamente e que garanta que non haxa zonas escuras nas rúas”.

O Goberno de Lugo está traballando nas rúas Quiroga, Gardas, Valle Inclán e Curros Enríquez, eliminando en total 44 luminarias de Vapor de Sodio de 276W, instalando pun-

tos Led de 108W, o que permitirá aforrar 31.630 kWh ao ano.

Actuarase tamén na contorna da capela as Saamasas e na rúa dos Chaos, eliminando en total 14 luminarias de Vapor de Sodio de 70W, instalando puntos Led de 30W, o que permitirá aforrar 3.010 kWh ao ano.

O alumbeado permitirá unha maior harmonización da contorna, ao ser unha luz uniforme en toda a trama e ao unificarse a temperatura de cor. Con esta actuación mellorárase tamén a uniformidade lumínica, eliminando zonas escuras, e renovarase elementos da instalación como caixas de conexión e condutores e reducindo o risco de avarías na rede.

Queixa dos veciños da Ponte pola falta de aparcadoiros no barrio

A Calzada da Ponte de Lugo sufriu no último tempo unha completa renovación tras as obras de peonalización na zona. Agora meses despois desta actuación os veciños amosan as distintas problemáticas que están a sufrir como pode ser a falta de aparcamento para os seus vehículos. Afirmar que das obras se derivaron “desacordos, crispación e inconvenientes: auga de chuvia e nos portais por defectos varios nas porcentaxes de inclinación do firme, rotura de bloques e esnaquizaras literais das tapas de rexistros con moi pouco tempo de uso”, sinalan.

Aínda por riba, sancións “impostas sen tregua ós residentes, que dun

día para o seguinte quedaron sen prazas de aparcamento, pasando de entenderse a sentirse directamente perseguidos sen oferta de solución nin previo aviso”.

Sinalan que a zona está “invadida as máis das veces por non residentes, cuxos vehículos se supón non deben acceder á rúa, e ós que non se sanciona, e por residentes ós que tampouco se sanciona caso de non as empregar con legalidade”. Ademais, denuncian que están “perseguidos”, polo que piden ás autoridades “que razoen”, aínda que tamén queren dar o seu agradecemento a aqueles membros da Policía que os trataron “con profesionalidade”.

CEIP ROSALÍA DE CASTRO



A Xunta de Galicia levou a cabo melloras no edificio de Educación Infantil do CEIP Rosalía de Castro cun investimento de 47.800 euros. As obras consistiron na renovación das ventás, a instalación dun novo sistema de iluminación LED de baixo consumo e a colocación de falso teito nas aulas co obxectivo da mellora enerxética.

Recuperarán sete vías públicas na contorna do barrio de San Fiz

O tenente alcalde, Rubén Arroxo e o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, mantiveron un encontro con veciñas e veciños de San Fiz, onde vai comezar o asfaltado de sete vías da contorna do barrio. Arroxo destacou que “con esta actuación continuamos a traballar nas zonas periurbanas de Lugo, garantindo o benestar das veciñas e veciños de toda a cidade”. Segundo o Tenente Alcalde, os traballos, que comezarán nos vindeiros días, permitirán “renovar vías co pavimento deteriorado e garantir a boa calidade e a boa imaxe da rede de vías urbanas municipal”.

O Goberno de Lugo actuará nas seguintes vías: Corredoiro entre as vivendas 23, 23, 22 e 19, Pista de acceso ao Camiño da Igrexa, 32, Camiño da Costa, Pista de acceso á Igrexa, Pista de acceso aos chalés, Acceso á Tolda e Rúa das Laxes. Nos treitos que actualmente contén con asfalto en quente, reconstruírse o paquete de firme en todo o seu espesor, para evitar que os defectos da capa base



podan chegar a afectar á capa de rodadura. Instalarase unha nova capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará un selado do firme ante a acción da auga superficial e asegurará unha prolongada duración da actuación. Na zona con firme de formigón, demolérase o pavimento de formigón, ata chegar á base de grixo e instálase novo pavimento de formigón vibrado HF 4.0, de 20cm de espesor. Estenderase formigón con fibras, que serven como elemento

de reforzo do formigón. Unha vez pavimentadas as vías, adaptarase os rexistros previamente existentes á nova cota da superficie e instálase unha nova base para contedores. Finalmente, renovarase a sinalización vertical e horizontal, instalando novos sinais de indicación para a Tolda e o Camiño da Costa, e renovando integramente a sinalización horizontal. A Tenencia de Alcaldía inviste 80.302,57 nesta actuación, que conta cun prazo de execución de dous meses.

A Xunta anuncia que acometerá obras na sede dos Xulgados

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes acometerá obras na sede dos Xulgados para mellorar a accesibilidade e a iluminación, aos que destina un investimento de 42.400 euros.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, destacou “o respaldo unánime” que obtivo a súa candidatura, avalada polo traballo realizado nos últimos anos, e ofreceu “a colaboración da Xunta para seguir avanzando na mellora das infraestruturas, dotacións e equipamento dos órganos xudiciais”. No que respecta ás actuacións que se iniciarán nos vindeiros días, comprenden a instalación dunha nova porta de entrada dotada dun sistema de tarxetas para a apertura e control de accesos, o que reforzará a seguridade nos horarios nos que o edificio permanece pechado ao público. Igualmente, vanse substituír as luminarias das nove salas de vistas, instalando preto dun cento de paneis LED que proporcionarán máis luminosidade e cun menor gasto no consumo enerxético. Estas obras contratáronse cunha empresa de inserción social para favorecer o traballo de persoas con difícil acceso ao mercado laboral. Por último, incorporáronse dúas ramplas para garantir a accesibilidade aos estrados.



Destinan 48.300 euros á mellora do complexo de Santa Eulalia de Bóveda

A Xunta anunciou a licitación de traballos de conservación preventiva no emblemático monumento de Santa Eulalia de Bóveda, cun investimento previsto de 48.300 euros.

As obras, cun prazo estimado de execución dun ano, incluírán diversas tarefas de conservación. Entre elas, limparase a cuberta plana e repararase a canle de aceiro inoxidable que recolle as filtracións de auga. Tamén se realizarán traballos para arranxar a marquiseña que protexe o arranque da bóveda do piso superior e se dotará a cámara bufa de iluminación de mantemento e acceso seguro. Adicionalmente, para mellorar a visibilidade do monumento,

abrírase unha pequena fiestra na porta de acceso dende o camiño, permitindo a visualización frontal do edificio mesmo cando este permanece pechado. A accesibilidade á oficina de información, situada a escasos metros, tamén se verá favorecida.

Con respecto á conservación, instálase unha tela de sombra calada no adro para controlar a acción solar na zona. Ademais, o interior será illado pechando portas e fiestras con carpinterías de madeira de castiñeiro para estudar a temperatura e humidade, e levantarase o pavimento da piscina para analizar o funcionamento hidráulico dos distintos canles do conxunto.

DEPUTACIÓN

O Pleno reclamará á Xunta un plan de apoio ás mulleres do rural

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta de Galicia que poña en marcha un plan de apoio ás mulleres do rural centrado en adoptar medidas que favorezan a conciliación, a formación e o emprendemento feminino. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de outubro, tras a moción do PSdeG, que foi aprobada cos votos a favor dos socialistas, do BNG, e coa abstención do PP.

O presidente, José Tomé Roca, argumentou antes da sesión plenaria que “a Xunta de Galicia ten o rural abandonado, sen políticas de axudas para que a muller quede e teña a oportunidade de crear o seu propio ciclo vital no rural, tanto de traballo como para ter unha familia se o desexa. Iso preocúpanos porque hai datos que indican que as cidades máis grandes crecen a costa das pequenas, pero sobre todo a costa das mulleres, e iso é unha moi mala noticia”.

Nese sentido explicou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que Lugo perdeu uns 100.000 habitantes nos últimos 50 anos e que desde o 2008, unha media de 1.700 mulleres mudan de residencia dentro da provincia. Un movemento que, en xeral, se produce desde os núcleos rurais de menor tamaño cara as cidades máis poboadas. “Os expertos aseguran que de cada tres persoas que hoxe abandonan o rural no noso país, dúas delas son mulleres”, expuxo.

Concellos como Navia de Suarna ou Cervantes perderon case a metade da súa poboación feminina en 20 anos; e outros como As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Ribeira de Pi-



quín, Samos, O Incio, Muras ou Pobra do Brollón entre un 40 ou 45%. E outros como Portomarín, Ribas de Sil, Mondoñedo, O Saviñao ou Antas de Ulla viviron neste tempo un descenso da poboación feminina superior ao 30%. Só Lugo, Outeiro de Rei, Burela, Foz, Ribadeo e Sarria incrementaron esta porcentaxe.

O texto da moción aprobada reclama, neste sentido, un impulso ao desenvolvemento dos servizos públicos no rural, en plena igualdade coa carteira de servizos que se poñen a disposición da veciñanza nas cidades; o desenvolvemento dunha rede de escolas infantís públicas que facilite a conciliación familiar; unha liña de investimentos e créditos específica, destinada a facilitar a innovación ou a modernización das iniciativas xa atendidas por mulleres; o deseño de cursos de formación deseñados en clave de xénero; garantir aos concellos os medios suficientes para que os servizos de prevención da violencia de xénero e atención ás vítimas se desenvolvan con plenitude no rural.

GALEGO. O Pleno tamén sacou adiante unha proposta de Goberno e outra moción do PSdeG encamiñadas a pedirlle á Xunta de Galicia medidas de fomento do uso do galego ante o “fracaso” da actual política lingüística. Ambas iniciativas saíron adiante cos votos a favor dos socialistas, do BNG, e coa abstención do PP. Co acordo adoptado, a institución provincial esíxelle ao Executivo autonómico que derogue do decreto 79/2010 e que aprobe un novo texto que asegure os máximos niveis de docencia en galego en todas as etapas educativas; asegurar o pleno dereito de uso do galego, coa atención e a oferta correspondente, en todo tipo de servizos; recuperar o papel normalizador da TVG; fortalecer o sistema literario e editorial; ou apostar por unha oferta positiva en galego en todos os servizos da administración pública.

O BNG sacou adiante unha moción para reclamar á Xunta de Galiza compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención ás vítimas da violencia machista.

Vicepresidencia lanza unha nova edición das axudas ‘O que non arde’

A área de Rural da Vicepresidencia pon en marcha a quinta edición do programa de axudas ao silvopastoreo e á gandería extensiva O que non arde, cun investimento de 120.000 euros, un 50 % máis que na última anualidade.

A convocatoria dirixese a ganderías de ovino, cabrún e porcino en extensivo. Así, as achegas teñen como obxectivo financiar gastos de instalación e mantemento de elementos de manexo do gando, desde pastores eléctricos e valados fixos ou móbiles ata accesorios para a alimentación ou módulos para a xestión dos partos do gando no monte. Ademais, por primeira vez, incorpórase como gasto sub-

venccionable -ata un 20 por cento do importe solicitado- os gastos de roza previos á instalación destes sistemas de protección e manexo dos animais.

As achegas, que se outorgarán en réxime de concorrencia competitiva, oscilarán entre os 300 e os 6.000 euros por beneficiaria ou beneficiario. A convocatoria publicárase o xoves 17 de outubro no Boletín Oficial da Provincia, establecendo 15 días hábiles -ata o 8 de novembro – para tramitar as solicitudes.

O que non arde é o primeiro programa impulsado pola Deputación en relación coa prevención de incendios e a xestión do monte.

FADEMUR



Tomé Roca, vén de asinar coa presidenta da Federación de Asociación de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur), Verónica Marcos Arrojo, un acordo co que a institución provincial achega 50.000 euros, mentres que o colectivo achega aproximadamente os 3.000 euros restantes para o desenvolvemento dun programa que ten por obxectivo empoderar a muller do rural.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

AO NOSO CARÓN

Realizarán obras de eficiencia enerxética en Guntín e Portomarín

A Xunta destinará case 1 millón de euros (990.970) a colaborar con nove concellos lucenses para mellorar a eficiencia enerxética en infraestruturas vinculadas á prestación de servizos públicos municipais.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, explica que acaba de resolverse unha nova orde de axudas plurianual cofinanciada con fondos Feder, que permitirá cubrir ata o 80% dos gastos nestas actuacións. As entidades locais beneficiarias acometerán obras en locais destinados a diferentes usos. Así, Monforte de Lemos e Burela prevén actuar nas súas respectivas casas

da cultura; Cervantes e Quiroga nos edificios consistoriais; Carballedo no consistorio e no multiusos; Navia de Suarna no polideportivo; O Incio nun inmoble dotacional; Portomarín na Casa do Médico e Guntín na casa cuartel.

Os fondos servirán para acondicionar envolventes térmicas, illamentos en cubertas e fachadas ou renovación de carpinterías exteriores por outras con mellores características. Tamén son subvencionables as obras para dotar de iluminación eficiente o interior dos edificios; e para instalar climatización e calefacción, que poderán incluír fontes de enerxía renovable.



Melloran 51 paradas de autobús en quince estradas autonómicas

A Xunta está a mellorar a seguridade e a accesibilidade de 51 paradas de autobús situadas en 15 estradas autonómicas ao paso por 10 concellos de Lugo, cun investimento de máis de 1,8 millóns de euros.

Concretou o delegado que se está a intervir en 30 paradas en Lugo, 5 en Xove, 4 en Castro de Rei, 2 en Riotorto, Outeiro de Rei, O Vicedo, Cospeito e Begonte, e 1 en Abadín e Meira respectivamente. Lembrou que estas actuacións se enmarcan no programa da Xunta para acondicionar máis de 1.100 paradas de autobús interurbano en estradas autonómicas en Galicia, cun investimento global de máis de 35 millóns de euros. En relación á estrada Lugo-Portomarín (LU-612), apuntou que o Goberno galego executou unha senda nos primeiros 1,9 quilómetros, para a que se mobilizou un investimento de máis de 500.000 euros. Esta actuación uniu Piúgos coa estrada vella

de Santiago e polo tanto con Lugo, a través dun novo itinerario peonil seguro para os peóns, separado da calzada.

Ademais o director fixo fincapé en que a Xunta leva anos traballando na mellora da seguridade do Camiño de Santiago na súa confluencia con tramos de estradas de titularidade autonómica.

Precisou que se levou a cabo unha estratexia pola que se executaron 109 actuacións entre 2021 e 2023 anos por un importe de 3,21 millóns de euros, a maiores das sendas do Plan de Sendas de Galicia.

No caso do Camiño Primitivo, acometéronse melloras en 22 puntos nos 4 últimos anos. Así, indicou que se destinaron 251.500 euros a 14 actuacións para incrementar a seguridade na confluencia coas estradas LU-701, LU-740, LU-530, LU-232 e LU-231 na Fonsagrada, Baleira, Castroverde, Lugo e Palas de Rei.

A veciñanza de tres concellos protestou pola atención pediátrica

A veciñanza concentrouse diante do centro de saúde de Castro Ribeiras do Lea para protestar polo servizo de pediatría para os concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito. A manifestación estivo apoiada polo PSOE, BNG e SLG, entre outros.

“As familias afectadas, queremos expresar o noso profundo malestar pola situación inaceptable que estamos a vivir co servizo de pediatría. A nosa pediatra, coma calquera profesional, ten todo o dereito a ausentarse por enfermidade ou outras razóns, pero as nosas familias tamén teñen dereito a que o servizo non quede sen cubrir, especialmente cando falamos da saúde das nosas fillas e fillos”, explicaron.

Afirmar que a falta de substitucións está a crear un baleiro na atención pediátrica “que non podemos seguir tolerando. Non podemos depender de saber no mesmo día se habrá ou non servizo, e moito menos aceptar que a persoa que cubra non sexa pediatra. Isto non pode ser a norma nun sistema que debería garantir unha cobertura mínima e estable”.

Os manifestantes solicitaron a veciños e afectados que presenten reclamacións masivas a través dos impresos dispoñibles nos centros de saúde ou mediante a app do Sergas coa Chave 365.

“A saúde das nosas crianzas non



pode ser tratada como un servizo de segunda. Esiximos medidas inmediatas para garantir un servizo pediátrico constante e de calidade”, din.

MOCIÓN. A deputada do BNG, Olalla Rodil presentou no Parlamento galego as deficiencias pediátricas que teñen os concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito. Así mesmo a concelleira do BNG en Castro de Rei, Olga García, presentou unha moción no Concello para que o pleno inste á Xunta de Galiza a restituir este servizo.

Actualmente, estes tres municipios quedaron sen pediatra ao non cubrir o Sergas a baixa laboral da persoa titular. Esta situación fai que as nenas e nenos sexan atendidos por médicos de familia, non pediatras, ou que se vexan obrigadas as familias a acu-

dir ás urxencias pediátricas do HULA. Nunca nos atreveríamos a discutir se un médico de familia ten a capacidade para unha atención pediátrica de calidade e lamentablemente os médicos de familia tamén escasean o que provoca listas de espera para acceder ás consultas. Aínda que consideramos que están moi capacitados, non deixan de seren especialistas noutras disciplinas, “non en pediatría”.

Os tres concellos compartían unha pediatra, 2 días en Cospeito que ten 318 crianzas, 2 en Castro de Rei con 440 e 1, o venres en Outeiro con 621 crianzas que quedan sen atención médica pediátrica, “o único que pedimos é que as persoas que fan a súa vida nestes concellos teñan un ou unha médica especialista á que levar ás súas rapazas e rapaces”, din.

Dez concellos da contorna forman dúas agrupacións enerxéticas

O Concello de Monterroso celebrou unha reunión de Pleno extraordinaria con motivo do contrato de subministración de enerxía eléctrica para as dependencias, instalacións e iluminación pública dos municipios que integran a agrupación enerxética de concellos de Monterroso, Guntín, Antas de Ulla, Palas de Rei, Portomarín e Taboada.

A Corporación deu luz verde por unanimidade á aprobación do expediente de contratación, aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e que constan no expediente.

Os concellos citados prevén contratar a subministración de enerxía eléctrica para as dependencias, instalacións e iluminación pública mediante procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada para un servizo de prestación obri-

gatoria para todos os municipios. Previamente, estes seis concellos asinaron en xaneiro de 2024 un convenio de colaboración para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a planificación enerxética da agrupación enerxética de concellos para o ano en curso.

A agrupación resultou beneficiaria por resolución do INEGA. A agrupación dos seis concellos, tendo en conta os datos de cada un deles, sacou a licitación a subministración de enerxía eléctrica para todos en conxunto.

Trátase, segundo explican, de licitar o subministro eléctrico en conxunto para acadar unhas condicións máis vantaxosas.

No convenio de colaboración acordouse que o representante administrativo da agrupación enerxética de concellos fose o Concello de

Guntín, tanto para os trámites da subvención, como da licitación de contratos enerxéticos. A duración do contrato será de dous anos, con prórrogas de un ano ata un máximo de dous. A duración máxima do contrato será de catro anos desde o inicio da subministración da enerxía polo adxudicatario.

Así mesmo, os concellos de Abadín, Castro de Rei, Friol e Outeiro de Rei lanzaron tamén unha licitación conxunta para o subministro de enerxía eléctrica durante os próximos dous anos, cun orzamento total de 1.395.463,34 euros e a opción de prórroga. Tamén, grazas a este contrato, os concellos prevén un aforro medio do 10% nos custos enerxéticos, o que suporá un importante beneficio económico para as arcas municipais e para os veciños e contan co financiamento do Inega.

A Deputación fará unha granxa de porco celta na Gayoso Castro

A Deputación provincial licitará antes de final de ano a construción da granxa de porco celta por 1,057 millóns de euros. O mandatario provincial cumpre así co seu compromiso de dotar á provincia dun servizo público que, segundo explicou, será “fundamental para o futuro do noso sector primario” e “decisivo na formación dos profesionais que serán os encargados de velar pola saúde animal e a sostibilidade da nosa ganadería”.

Detallou que está previsto que a Deputación licite os traballos antes de que remate o ano, para podelos adjudicar no primeiro trimestre de 2025, “coa ambición de que esta granxa de porco celta estea en pleno funcionamento no ano 2026”.

“Esta nova granxa nace como un espazo de formación, que conectará a teoría e a práctica, permitíndolle aos estudantes da Facultade de Veterinaria e aos Enxeñeiros Agrónomos da USC do Campus Terra realizar prácticas formativas de gran valor”, destacou Tomé Roca, que engadiu que servirá tamén “para seguir traballando para que a Facultade de Veterinaria supere as inspeccións eu-



ropeas e manteña un alto posto no ránking de Shangai como as mellores do mundo. A formación práctica é esencial para que os nosos futuros profesionais adquiren as competencias necesarias para facer fronte aos retos que presenta o sector nun laboratorio vivo”, argumentou.

Cunha capacidade máxima de 24 porcas de cría e 5 porcos reprodutores, as instalacións que se situarán no complexo da finca Gayoso Castro que a Deputación de Lugo ten en Castro de Rei e terán unha superficie edificada de máis de 1.000 m² e consistirán nun espazo “multifuncional” que incluírá unha nave de produción, zona de corentena, aularios,

vestiarios e almacenaxe.

A nave de produción será a estrutura principal da granxa, onde se desenvolverá a maior parte da actividade. A nave dividirase en distintos módulos que separarán as diferentes etapas da produción. Haberá unha zona de corentena, unha área separada da nave principal que será utilizada para illar os animais en caso dalgunha enfermidade. Na Granxa haberá tamén aularios, vestiarios, 4 silos para almacenar alimento, depósitos de auga, grupos electrógenos, unha fosa de purín, ademais de pistas para comunicar as diferentes zonas e os correspondentes peches perimetrais do recinto.

O BNG reclamará axudas para o sector agrogandeiro polos efectos da Kirk

A deputada Montse Valcárcel visitou unha explotación en San Xiao de Mos afectada polo paso do temporal Kirk. Segundo explicou, o millo é un dos alimentos básicos para a alimentación do gando, polo que a inundación dos campos que tivo lugar polo paso do temporal fixo que as explotacións gandeiras non puideran levar adiante a recollida deste cereal co que leva a aumentar o gasto na compra de pensos e outras forraxes. Estas inundacións tamén levan consigo que os terreos inundados non poidan volver sementar a herba o cal produce tamén a diminución de herba para o ensilado. E o terceiro problema que provoca este temporal é a xustificación que os gandeiros precisan facer pola rotación das terras de millo algo obrigatorio para obter os pagos da PAC, e que se non fan vánselle ver recortadas esas axudas. Anunciou que “levaremos ao Parlamento iniciativas para que se lles axude ao sector agrogandeiro a paliar os custos de non ter nin millo nin herba para o seu gando”.

A CHMS investiu máis de 172.000 na limpeza dos ríos Anllo e Azúmara

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil finalizou os traballos de limpeza de leito e marxes dos ríos Azúmara e Anllo, ao seu paso polos municipios lucenses de Castro de Rei e de Cospeito. Estas actuacións, incluídas na programación de conservación do Dominio Público Hidráulico (DPH) dos ríos da Demarcación Miño-Sil neste ano, supuxeron un investimento de 172.000 euros.

Procedeuse á retirada de árbores secas, en pé ou caídas sobre o leito, ademais elimináronse os elementos arrastrados pola corrente obstrutores do leito. Estas actuacións executáronse de forma manual no leito e con apoio de maquinaria desde o exterior do mesmo con cabrestante desde un punto fixo situado na beira ou marxe.

Así mesmo, realizáronse rozas selectivas de matogueira perimetral, poda e clareo de ramas baixas, co obxectivo de mellorar a composición da vexetación de ribeira.

Unha brigada composta por 4 operarios especializados e un capataz, traballaron no río Azúmara, ao seu paso por Castro de Rei, durante 44 xornadas laborais. Estes traballos executados ao longo de 6km de leito, melloran a capacidade hidráulica do río e da composición da vexetación de ribeira.

No río Anllo, ao seu paso por Cospeito de Castro de Rei, 5 operarios traballaron durante 78 xornadas en máis de 7,1 km de leito. O tramo de actuacións que incluía algunha zona con protección de Rede Natura 2000, contaba coa correspondente autorización da autoridade ambiental e os traballos executáronse conforme ás recomendacións que evitan afeccións negativas aos lugares catalogados. “Desde a CHMS traballamos para que os cidadáns gocen e valoren a riqueza natural que forman os ríos e o ecosistema que os sustenta, coñecer para valorar, este é o obxectivo”, concluíu o presidente.

A auga da ETAP de Quintela volve ser apta para o consumo

O alcalde de Castro de Rei, Francisco Javier Balado Teijeiro, informa que, segundo as últimas análises realizadas na auga da rede de abastecemento da ETAP de Quintela, esta é agora apta para o consumo. Esta rede de abastecemento subministra ás parroquias de Pacios, Outeiro, Bazar, Coea, Quintela, Bendia, Matodoso, Triabá, San Xiao de Mos, Ribeiras de Lea, Castro de Ribeiras de Lea, Duarría, Loentia e Mondriz.

Con este aviso, deixan de aplicarse as recomendacións establecidas o 28 de agosto de 2024. Polo tanto, a auga pode ser consumida con seguridade, tanto para beber como para cocinar. En agosto detectáronse incumprimentos paramétricos na calidade da auga foron polas autoridades sanitarias, seguindo o requirimento da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Lugo. Tratábase dos parámetros de arsénicos, que daban un pouco altos pero que agora xa están en cifras normais. O alcalde avanzou

que xa se iniciaron os trámites para un proxecto de reforma da ETAP, co obxectivo de instalar filtros exclusivos de arsénico que eviten que estes valores podan volver elevarse. O Goberno galego comprometeuse co alcalde a asumir o financiamento deste proxecto, que ten un custe estimado de entre 300.000 e 400.000 euros.

Pola súa banda, O PSdeG-PSOE manifestou o seu malestar e preocupación pola falta de transparencia e a deficiente xestión informativa por parte do goberno municipal en relación aos problemas da auga potable no concello, que levan meses afectando á veciñanza e poñendo en risco a súa saúde. Esta semana o Concello avisou de que a auga é potable tras semanas sen información. Alertan de que desde o pasado mes de agosto, a veciñanza recibiu unha única comunicación oficial onde se recomendaba non consumir a auga durante seis días debido ao alto contido de arsénico detectado.

EN BREVE



GALIÑA DE MOS. A parroquia de S. Xiao de Mos acolleu a celebración da décimo terceira edición da Expo-degustación, organizada pola Asociación de Avicultores da raza da Galiña de Mos (Avimós) e máis a asociación de veciños de S. Xiao. Trátase dunha feira que visualiza a parte rural de Castro de Rei, tan necesaria para pór en valor o rural, convertendo a crianza desta raza en algo fundamental para a economía local.



SANIDADE. O BNG volve concentrarse coa veciñanza das parroquias afectadas polo peche do consultorio de Castro de Rei. O consultorio de Castro de Rei segue pechado e a veciñanza das parroquias afectadas teñen que desprazarse ata Castro Ribeiras de Lea para ter atención médica e agora ademais neste centro de saúde non teñen atención pediátrica.

Convocado este mes un obradoiro sobre xestión do estrés

O día 25, coincidindo co Día Internacional contra a Violencia de Xénero, celebrarase en Outeiro de Rei o obradoiro *Educación Emocional. Técnicas de relaxación*, que terá lugar no salón de actos da casa da cultura, en horario de 16:30 a 20:30 horas.

Durante este obradoiro está previsto que se traten diferentes técnicas de relaxación, meditación e concentración, síntomas e efectos do estrés e a ansiedade, fontes de estrés, coñecer, entender e manexar o estrés e a ansiedade na vida e estratexias para manexar, reducir e relaxar o estrés. Inscricións gratuítas ata completar prazas (30. Esta actividade está incluída dentro das Actividades de Promoción da Muller 2024.

Asistencia penitencia de Lugo atendeu a 150 internos

O presidente da Deputación supervisou no Colexio de Avogacía o funcionamento do Servizo de Orientación e Asistencia Xurídica Penitenciaria (SOIAP) que está a desenvolver a entidade lucense desde o ano pasado e que conta coa colaboración da institución provincial. Trátase dun programa gratuito que se realiza nos centros penitenciarios de Bonxe e Monterroso e dende a súa posta en marcha prestou asesoramento a preto de 150 internos e internas. Nesta visita o mandatario provincial estivo acompañado polo Decano do Colexio de Avogados de Lugo, Félix Mondelo Santos, a Xerente da entidade, Mercedes Alvite Menor e os técnicos do SOIAP, Inmaculada Mourín González e Óscar Núñez Torrón. José Tomé Roca subliñou que “na Deputación de Lugo estamos plenamente comprometidos con manter e asegurar os dereitos de todas as persoas e especialmente as máis vulnerables, como é o caso da poboación reclusa, un colectivo, que en moitas ocasións, tamén sofre de estigmas sociais”. “Por iso, desde a institución provincial colaboramos directamente co Colexio de Avogados de Lugo cunha achega económica de 12.000 euros para desenvolver este proxecto que xa atendeu a máis dun cento de internos e internas desde a súa posta en marcha”, indicou.

Este servizo trata de garantir os dereitos dos internos asesorándoos en cuestións relacionadas co eido xurídico que afecten directamente ao seu ámbito persoal e laboral. O obxectivo principal é lograr a plena reinserción social e laboral unha vez cumpran coa súa condena.

Queixas en Guillar pola acumulación de lixo



A veciñanza da parroquia de San Martín de Guillar queixase da situación na que se atopa a zona dedicada ao depósito de lixo, concretamente ao fondo da Urbanización O Salete. Este punto de recollida de lixo conta con dous contedores marróns para material orgánico, dous amarelos de plástico e dous verdes, para todo tipo de refugallo. Porén, desde hai meses vense de acumular unha cantidade de lixo ao redor destes contedores e incluso chegan ata a vía por onde os veciños e veciñas acceden ás súas vivendas, así como chegan ata o bosque que se atopa detrás. Apuntan ao “mal comportamento

dalgúns veciños ou dos traballadores da zona”, xa que hai diversas empresas que levan a cabo a súa actividade nas inmediacións destas vivendas.

Din que “é unha vergonza que os contedores estean baleiros, pero vexamos como está a beirarrúa e a estrada chea de lixo sen recoller”. Por isto, demandan ao Concello de “medidas para facer fronte a esta situación”, tanto na recollida dese lixo acumulado, como na instalación de cámaras.

O Concello procedeu a limpeza da zona despois da primeira das denuncias pero despois dese día volveuse a acumular o lixo.



Manuel Ignacio Piñeiro recibe a Medalla de Ouro de Amigos de Galicia

A Fundación Amigos de Galicia fixo entrega, na Casa da Cultura de Outeiro de Rei, da Medalla de Ouro a Manuel Ignacio Piñeiro Piñeiro *Pallín*, unha distinción que outorga a entidade ás persoas que contan cunha longa traxectoria na mesma.

A entidade quixo recoñecer ao homenaxeado a súa traxectoria como voluntario e patrón desde 1993 e desde o ano 1996 como voluntario e coordinador xunto con outros compañeiros no reparto de axudas de emerxencia que a entidade vén

realizando con carácter mensual en colaboración con concellos lugueses. Por este labor e a proposta destes, Outeiro de Rei, Abadín, Castro de Rei, A Pastoriza e Cospeito, recoñecérono nomeándoo “chairego do ano” no ano 2012. Así mesmo, tamén participou como voluntario noutros eventos, tanto de índole cultural como deportivos organizados pola Fundación Amigos de Galicia na provincia de Lugo. Foi coordinador de Auxilia Lugo desde o ano 2003 ao ano 2016.



Presentan o gañador do concurso da Federación de Automobilismo

No Concello de Outeiro de Rei, levoase a cabo a presentación oficial do deseño gañador do concurso de debuxo organizado pola Federación Galega de Automobilismo (FGA), unha iniciativa dirixida aos estudantes de primaria.

Nesta edición participaron máis de 700 nenos provenientes de 12 colexios da provincia. O primeiro premio foi outorgado a África García, unha nena de 10 anos do CEI da Pontenova, quen destacou pola súa

creatividade e orixinalidade na súa obra. Ese mesmo deseño foi o utilizado para o Renault Clio Rally5 de Álvaro Castro Laiño e Isidro Rey.

O evento contou coa presenza de autoridades locais, representantes da FGA e docentes dos colexios participantes, que resaltaron a gran participación e o entusiasmo mostrado polos nenos nesta actividade. Este concurso ten como obxectivo promover o deporte e a creatividade nos máis pequenos a través da arte.

‘Neno’ gaña o Concurso musical Manuel María



Neno foi a canción lírica, para voz e piano, gañadora do terceiro Concurso Manuel María de Composicións Musicais celebrada cunha gala-concerto, na Casa-Museo Manuel María.

Da autoría de Saúl Aguado de Aza, está composta sobre o poema homónimo de Manuel María, e o autor levou un premio de mil euros. A súa composición editada, xunto as obras das outras finalistas, estará nunha publicación que será distribuída gratuitamente por todos os conservatorios de música de Galicia para que poida ser empregado como material didáctico.

A gala-concerto contou coa presenza da mezzosoprano Nuria Lorenzo e a pianista Noemí Salomón, que

interpretaron nunha primeira parte as cancións finalistas ‘O Carro de María Mendoza’, ‘Galiza’ e ‘Neno’, de Saúl Aguado de Aza e Mito de Luis Serrapio Fernández.

Nunha segunda parte, presentaron en concerto unha serie de cancións galegas dos compositores José Baldomir, Juan Durán e Carlos Cambeiro, baseadas en poemas de Curros Enríquez, Rosalía de Castro e Manuel Cambeiro.

O xurado estivo composto por Margarita Viso Soto, Alejo Amoedo Portela e Julio Cabo Meseguer que, a primeiros do mes de xullo, escolleu, de entre todas as composicións anónimas que se presentaron a concurso, as cinco pezas finalistas que se puideron escoitar no auditorio da Casa-Museo Manuel María.



Friol contará co primeiro centro de atención integral do autismo

O concello de Friol vén de recibir unha das noticias máis relevantes dos últimos anos: a Conselleira de Política Social, Fabiola García, anunciou a construción do primeiro Centro de Atención Asistencial e Residencial para persoas con autismo en Galicia. Este proxecto, pioneiro en España, representará un avance importante na atención ás persoas con trastornos do espectro autista e contará con 48 prazas.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, amosou o seu orgullo e agradecemento ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e á conselleira Fabiola García por facer realidade este proxecto no municipio. "Significará un antes e un despois para Friol, tanto a nivel social como económico", declarou Santos, destacando a relevancia que terá o centro para a comunidade local.

O centro, que será construído nunha parcela cedida polo Concello na Rúa do Carballal, suporá un investimento inicial de 4,2 millóns de euros e terá unha superficie útil de aproximadamente 3.200 metros cadrados distribuídos en catro plantas. Ademais de ofrecer espazos de residencia, incluírá talleres, aulas, e zonas de recreo. Segundo o proxecto, o soto acollerá os servizos comúns, como a cociña, a lavandería, os vestiarios do persoal, o garaxe e as salas de instalacións.

No piso baixo, instalaranse os talleres, unha aula de psicomotricidade, salas de reunións, a área de administracións e a direccións.

As dúas plantas altas do inmoble acollerán tres módulos autónomos de oito persoas en cada caso en cada unha das plantas. Algúns dos módulos utilizaranse como respiro familiar. Ademais, a área exterior será espe-

cialmente acondicionada para fomentar a integración coa natureza, con instalacións como un invernadoiro, zonas de sombra, espazos de paseo, xogos e un horto.

A iniciativa promete facer de Friol un referente en atención especializada, converténdose nun "epicentro de apoio e alternativas" para persoas con autismo.

O alcalde expresou a súa confianza en que a comunidade friolense acollerá o proxecto "cos brazos abertos", e engadiu: "Non imos cambiar a maneira en que unha persoa autista ve o mundo, pero si podemos cambiar a forma en que o mundo ve a esas persoas".

Este novo centro, ademais de reforzar os servizos sociais, terá un impacto positivo na economía local, xerando postos de traballo e promovendo un modelo de atención integral e pioneiro en Galicia.

O Concello habilitou un rexistro de solicitantes de vivenda pública

O Concello de Friol, a través da súa páxina web e da Sede Electrónica, así como mediante rexistro presencial pon a disposición de posibles interesados un formulario para obter unha listaxe de todas as persoas interesadas en dispoñer de vivenda pública. A partir de hoxe estará a disposición de todas as persoas interesadas un impreso no que poder rexistrar o interese en adquirir vivenda pública, tanto en alugueiro, mediante compra ou mesmo en alugueiro con dereito a compra.

Este impreso estará dispoñible tanto dende a páxina web do Concello de Friol como dende a propia sede electrónica de dita administración pública, así como tamén se poderán inscribir de xeito presencial nas ofici-

nas municipais.

Poderán inscribirse as persoas físicas ou unidades familiares ou de convivencia que estean interesadas en acceder a vivendas de carácter públicas, independentemente onde residan ou traballen na actualidade e cuxa capacidade económica non supere os límites establecidos para cada tipo de vivenda, sempre que non posúen outra vivenda similar ou esta sexa inadecuada ou insuficiente para as súas necesidades.

Só se admitirá unha solicitude por unidade familiar ou de convivencia, independentemente de que estea integrada por unha ou varias persoas.

Dende o Equipo de Goberno de Friol son conscientes da falta de vivenda

tanto a venda como en modo alugueiro no Concello, por tanto, optan por este método para poder obter un rexistro actualizado e real para cuantificar o número de persoas ou familias que poidan estar interesadas en este tipo de vivendas, dentro do municipio de Friol.

O alcalde, manifesta que "esta é unha medida máis dentro do proxecto que temos desde o Goberno municipal en asentar poboación no noso municipio, parécenos moi interesante, e a vez fundamental ter esta información real e precisa, porque sempre pode ser de utilidade e tamén xustificable a vez, se en algún momento sae a oportunidade de xestionar ou conseguir construír vivenda pública no noso municipio".

A CHMS constrúe unha estación da Rede SAIH



No seu esforzo por mellorar a xestión e control dos recursos hídricos, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) dá un paso máis coa construción dunha nova estación do Sistema Automático de Información Hidrolóxica (SAIH) no río Narla, ao seu paso polo municipio lucense de Friol.

As estacións SAIH proporcionan datos, cada 5 minutos, ao Centro de Control de conca (CECU), o que facilita a toma de decisións ante situacións de risco.

Cun investimento de máis de 54.000 euros, a construción desta nova estación permitirá rexistrar e transmitir en tempo real datos hidrometeorolóxicos esenciais para a súa explotación e análise no Centro de Control de Conca (CECU).

Estas accións non só buscan mellorar a capacidade de resposta fronte a emerxencias, senón tamén optimizar o uso sostible da auga para minimizar o impacto no cambio climático e previr fenómenos meteorolóxicos extremos.

As accións realizadas baixo o proxecto Poctep Risc_Plus están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) a través do programa Interreg VIN A España – Portugal (Poctep) 2021-2027, que promove proxectos de cooperación transfronteiriza co apoio da Unión Europea.

O investimento previsto ascende a 54.242 euros, sufragados 40.681 a través do proxecto europeo Poctep Risc_Plus.



A Feira do Queixo e Pan de Ousá gaña o premio da crítica gastronómica

A Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá volve estar de parabéns, xa que resultou gañadora da XLVII edición dos Premios da Crítica de Galicia da Cultura Gastronómica.

Vigo acolleu o acto de entrega do galardón deste certame, onde a feira friolesa impúxose ás outras dúas finalistas, a empresa láctea Deleite e a Asociación Pulpeiros do Carballiño, converténdose da gañadora de esta

edición.

O tenente de Alcalde de Friol e deputado Autonómico Enrique Barreiro acompañado por Paula Roca, veciña e editora da memoria presentada acerca de feira recolleron o galardón deste certame Galego.

"Parabéns a todas as nosas queixeras panaderías que forman parte da nosa feira e parabéns a Friol", dixo o alcalde, José Ángel Santos.

rábade

Celebrarán un curso sobre solo pélvico o día 12

O servizo de prevención de condutas aditivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza unha formación sobre o solo pélvico en Rábade dirixido á poboación en xeral.

Esta actividade enmárcase no programa do servizo denominado Boa Saúde, dirixido a promover hábitos saudables entre a poboación dos distintos concellos. Desenvolverase o día 12 de novembro, de 16.30 a 19.00 horas no centro sociocultural.

A formación ten como obxectivo mellorar a información e comprensión dos cambios evolutivos na muller e previr enfermidades propias do colectivo feminino. A docente será Cristina Ouro Núñez, matrona do Complexo Hospitalario de Lugo (Escola Galega de saúde para cidadáns), quen fará tamén unha sesión práctica.

O prazo de inscrición remata o 8 de novembro, a través da web da escola galega de saúde ou directamente a través deste enlace.

Charlas na Casa das Insuas de produtores responsables

A Casa das Insuas acolle unha serie de encontros titulados Parladoiros con produtores responsables que coidan da terra, organizados pola Asociación Galega de Custodia do Territorio. Estas xornadas, que se desenvolverán ata decembro, teñen como obxectivo destacar a importancia dos produtores locais comprometidos co coidado do medio.

A segunda cita está programada para o 23 de novembro, coa intervención de Concha (Casa Bértolo) e Joan (La Cabreta), tamén acompañada dunha degustación de produtos locais. Finalmente, o 21 de decembro, será a quenda de Quico (Veiga de Luaces), Lito (MVMC de Carballo) e Toño (Casa Codesal), que pecharán o ciclo de parladoiros.

EN BREVE



OBRAS. O alumnado do obradoiro de emprego Cumes da Terra Chá VII rematou estes días os traballos na primeira metade da rúa Coronel Andrade de Rábade facendo as beirarrúas e dotando a vía de saneamento, luz, auga e demais servizos. O taller de emprego está formado por 13 alumnos e alumnas, 5 deles do mesmo Concello de Rábade.



SINALIZACIÓN. O Concello de Rábade realizou varias actuacións para a mellora da seguridade viaria na vila. Así, colocáronse avisos de pasos de peóns luminosos en diferentes zonas, como o Campo da Feira, a N-VI ou a avenida do Ferrocarril, entre outras. O obxectivo é o de aumentar a seguridade dos peóns que circulan por estas vías, en especial de noite, cando a visibilidade é menor.

o corgo

A poxa nacional de Acruga no feiral de Adai foi “todo un éxito”

A poxa nacional, celebrada por Acruga no recinto feiral de Adai foi todo un “éxito”, segundo sosteñen desde a entidade, que celebrou a edición número 102 desta poxa de carácter nacional, na que sacaron tarxetas ata 71 posibles compradores, chegados de varios municipios lucenses, pero tamén doutros concellos de Galicia. Dos 24 animais poxados vendéronse 21, con bos resultados en xeral, aínda que de forma especial para as 18 xatas procedentes do centro de recría da granxa Gayoso Castro, dependente da Deputación. Estes exemplares, xunto á xata dun gandeiro, adxudicáronse a prezos por encima do de saída, fixado en 2.300 euros, o que lanzou un prezo medio de máis de 3.000 euros.

Tamén se venderon os dous machos da nave de testaxe e un exemplar dun gandeiro, o que supuxo un prezo medio de 2.833 euros. Tres animais doutros tantos gandeiros quedaron desertos, unha xata e dous touros. En calquera caso, a venda de 21 exemplares, as altas cotizacións e o



numeroso público propiciaron un novo éxito nesta poxa nacional, que demostra que Adai “non defrauda”. O listón de Adai estaba moi alto; de feito, na pasada poxa nacional, celebrada en xuño, logrouse un récord nunca visto: a adxudicación dunha xata en 7.000 euros. En xuño as altas cotizacións lanzaron un prezo medio de 3.130 euros no caso das #xato, e 2.850 dos machos.

Nesta última, os prezos superaron con fartura as cantidades fixadas de inicio, o que provocou unha boa co-

tización final. Só unha #xato e dous machos, os tres propiedade doutros tantos gandeiros, quedaron desertos. A xata que alcanzou a maior cotización da mañá, 4.500 euros, partía cunha das mellores cualificacións lineais e cun alto índice xenético. Foi adxudicada a unha gandería de Pobra de Trives, en Ourense.

Non pasou desapercibida a presenza dun gandeiro de Melide que levou sete xatas preñadas, da granxa Gayoso Castro, á súa explotación coruñesa.

EN BREVE

BAILE. A Asociación de Veciños Os Cinco Ríos retomou o seu baile dos domingos o 27 de outubro no Centro Sociocultural do Corgo. A xornada comezou ás 18.00 horas e prolongouse ata as 22.00 horas. Esta proposta desenvolverase o último domingo de cada mes, desde outubro ata xuño, con posibilidade de engadir máis datas ou modificar o horario en función da demanda. O encargado de amenizar a tarde con música será Dani Pardo, quen tamén xestionará a entrada, que terá un custo de 3 euros para socios e 5 euros para non socios. Esta iniciativa promete ser unha oportunidade perfecta para desfrutar dun ambiente lúdico e fomentar a convivencia.

BILLAR. O club de billar Adai programa o seu tradicional torneo de nadal. A IV edición do Torneo de Nadal Parellas Escocesas Club de Billar Adai terá lugar o sábado 14 de decembro nunha xornada para desfrutar do deporte e dun festivo xantar todos xuntos. Será en modalidade bola-9 a 6 gañadas e a participación está limitada a un máximo de 24 parellas. A data límite de inscrición é o luns 9 de decembro ás 12.00 horas. Haberá premios para os campións, subcampións e para os semifinalistas. A Vicepresidencia da Deputación de Lugo colabora coa proposta.

Arumes do Corgo convoca o XVIII certame Terras de Chamoso

A Asociación Cultural Arumes do Corgo convoca o XVIII certame literario Terras de Chamoso. Esta proposta non quere limitar a imaxinación dos autores, polo que a única norma é que a obra se redacte en lingua galega. Inclúe as categorías infantil, xuvenil e adultos nas modalidades poesía (de 30 a 60 versos) e relato curto (de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo).

Entre os relatos curtos da categoría infantil que participen neste certame, o premio especial A Legua Dereita pretende destacar aquelas creacións que poñan en valor e enxalcan a cultura tradicional.

O xurado considerará como elixibles para este premio aquelas obras que relaten feitos ou costumes da vida cotiá do noso pobo que aconteceron, ou poderían ter acontecido, na sociedade galega de antano. Poderán ser, por exemplo, lendas, contos, historias de namorar, relatos sobre a música e o baile tradicional ou acontecementos históricos, entre outros. Cada participante poderá presentar varios traballos mecanografiados (non é necesario na categoría infantil) in-

dicando a categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a información persoal: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo, DNI, correo electrónico e teléfono de contacto. Remítanse ao seguinte enderezo a AC Arumes do Corgo, Antigas escolas do Corgo s/n, 27163. Tamén se pode enviar ao correo arumescorgo@gmail.com. Deberán enviarse no mesmo correo dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro co lema que distinga o traballo, no que constará, no seu interior nome, apelidos, data de nacemento, enderezo, DNI, correo electrónico e teléfono de contacto. Este segundo arquivo, será custodiado pola xunta directiva da Asociación Cultural Arumes do Corgo, entregando unicamente ao xurado a obra e o lema da mesma. O prazo de entrega estará aberto ata o día 29 de novembro de 2024. A entrega de premios farase nun acto cultural, musical e literario con moitas sorpresas o sábado, 21 de decembro de 2024 no Centro Sociocultural do Corgo.

castroverde

Finalizaron as obras de mellora do firme en tres concellos da vía LU-530

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas está a piques de finalizar a obra de mellora do firme en 28 quilómetros da estrada autonómica LU-530, ao seu paso polos concellos de Castroverde, Baleira e A Fonsagrada. O proxecto contou cun investimento de 1,2 millóns de euros. As obras abrangueron dous tramos principais: 8,78 quilómetros entre as travesías de Castroverde e O Cádavo (Baleira) e outros 19,34 quilómetros entre A Lastra (Baleira) e A Fonsagrada.

A intervención consistiu na rehabilitación da calzada nos puntos máis deteriorados, cun fresado localizado e a reposición do firme con mestura bituminosa. En 2019 xa se acondicionara a travesía de Castroverde, e con esta nova actuación mellóranse tanto as condicións da estrada como a seguridade dos seus usuarios.

Esta obra forma parte dun contrato máis amplo, cun orzamento total de 2,4 millóns de euros, destinado a mellorar tres estradas autonómicas na provincia.

Tomé vén de asinar a venda de 2 novas parcelas do polígono

José Tomé Roca, vén de asinar a venda de 8 novas parcelas dos polígonos de Chantada e de Castroverde. Con esta firma, a institución provincial "marca un paso importante na xestión destes parques", destacou José Tomé Roca.

O mandatario subliñou "a importancia destas operacións para o desenvolvemento económico da provincia, xa que permiten facilitar o asentamento de empresas que xeren riqueza e emprego no rural". O mandatario provincial tamén asinou a venda de dúas parcelas do polígono industrial de Castroverde. Son as número 28 e 29 e vendéronse a primeira a un prezo de 32.200,70 euros e a segunda por un total de 33.185,18 euros, ambas

á transportista Ariosa Noroeste S.L. No parque industrial castroverdense quedan 39 parcelas á venda das 51 existentes. No caso de Chantada, vendéronse as parcelas número 25 por un importe de 46.464 euros á empresa de agricultura Billó SC; a número 30 e 31, ambas por un prezo total de 116.740,8 euros a Jesús Fernández Orín que destinará a creación dun proxecto vinculado á madeira; e finalmente, as parcelas número 48,49 e 50, as tres por unha cantidade total de 177.023 euros, foron adquiridas por Calvo Chantada S.L que se dedica a ofrecer servizos funerarios. Desta xeito, a día de hoxe, no polígono de Chantada só quedaría dispoñible 1 das 49 parcelas.



Castroverde celebra o seu magosto popular no mes de novembro

O vindeiro sábado 16 de novembro celebrarase en Castroverde o tradicional Magosto Popular, un evento moi esperado na comunidade.

A cita será ás 20.00 horas na nave do Mercado Gandeiro, onde se ofrecerán produtos típicos desta festa, como castañas asadas, empanada, lacón, bebidas e doces.

Un dos momentos máis destacados da xornada será o espectáculo *O Conxuro Celta*, acompañado pola música do grupo Zuncurrundullo, que se encargará de poñer ambiente festivo.

Ademais, haberá atraccións inchaibles para que os máis pequenos tamén disfruten do evento. A organización corre a cargo do Concello de Castroverde, co apoio da Deputación de Lugo. Será unha oportunidade para que veciños e visitantes compartan unha noite de tradición e celebración ao redor das castañas, nunha das festas máis arraigadas do outono galego.

portomarín

O CEIP incorpora un profesor tras as protestas

O CEIP Virxe da Luz de Portomarín volveu agrupar os cursos de Primaria de dous en dous, despois de que estes fosen organizados de tres en tres, coa incorporación dun novo docente de apoio. Neste curso 2024/2025, a pesar de ter un incremento de matrícula, a Consellería de Educación quitoulle un profesor ao centro ao non cubrir a vacante da especialista de inglés; agrupándose o alumnado de Primaria de tres cursos: 1º, 2º e 3º nunha clase; e 4º, 5º e 6º noutra. Esta problemática provocou varias protestas por parte dos pais e nais que se concentraron para denunciar a situación. Sinalan desde a ANPA, que neste curso o CEIP ten un alum-

no máis na Primaria, polo tanto as condicións en canto ao alumnado non empeoraron senón que melloraron, polo que non pode xustificarse o recorte de profesorado.

E por outro lado, engaden, o recorte é consecuencia de non cubrir a vacante dun profesor que corresponde ao CEIP de Portomarín, ao igual que o especialista de Educación Física e Infantil, nos que os seus titulares non ocupan a súas respectivas prazas e si son cubertas por persoal interino. Dende o grupo de pais e nais están satisfeitos pola volta á normalidade, aínda que permanecerán alerta pois o que piden é que se cubra a praza dun profesor de inglés.

O BNG denuncia o uso indebido do centro social Paco Pestana

O BNG de Castroverde, a través da súa concelleira Iria Castro, denuncia o uso indebido que o PSOE municipal lle dá ao centro social Paco Pestana. Dende a inauguración do centro social Paco Pestana en xullo, non se realizou ningún tipo de acto ou programación cultural no mesmo, a excepción de charlas informativas dirixidas a diversos colectivos e o PSOE pretende facer do mesmo unha sala de festas, facendo alí a súa polvada anual.

"Un centro social debe ser un lugar

de desenrolo cultural aberto a toda a cidadanía, non usalo con un fin partidista", expón a edil nacionalista.

No pleno de setembro aprobouse unha ordenanza municipal por unanimidade na que, entre outras medidas, establécese que nos locais sociais municipais, como o propio centro social, está prohibido o consumo de bebidas alcohólicas, así como a súa introdución. Dende o BNG critican ao Goberno municipal que aínda non se fixeran actividades culturais.

guntín

O GDR-4 continúa en Guntín as súas xornadas de promoción

O vindeiro 9 de novembro, o GDR-4 e 10 concellos do xeodestino Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa (Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade) continúan -co apoio de Turismo de Galicia- co ciclo do proxecto de promoción turística e cultural en colaboración co guía e turismólogo lucense Guido Guía. Despois do gran éxito do primeiro ciclo será Guntín o segundo dos lugares onde se retomen estas actividades, despois de Friol. Nesta segunda xornada de balde, o

punto de encontro e final do paseo guiado -que terá lugar de 11h a 14h- será o Pavillón Municipal de Guntín. A maiores do paseo a actividade contará coa proposta -opcional, para quen o desexe- dun menú especial con produtos da comarca ofertado por locais da zona. Este proxecto enmárcase nunha estratexia global do Xeodestino e o GDR-4, que xunto a Guido Álvarez programan esta iniciativa. Os interesados poden realizar a súa inscrición a través do correo info@comarcadelugo.gal e do teléfono 982 238 000

OBRAS NO RURAL



Deste xeito, dende o Goberno local apostaron por mellorar os accesos nos accesos aos núcleos de Castelo Pequeno e Castelo Grande, mentres seguen a traballar nos distintos camiños de titularidade municipal. Estas obras súmanse ás actuacións levadas a cabo na contorna da igrexa da vila, pistas de Nogueiras, na Horta, en Arriba de Ferro, nos accesos a Fontaos e no asfaltado e na canalización no núcleo de Constante.

Festa de Pre fin de ano o 21 de decembro

Guntín acolle unha festa de Pre fin de ano, que terá lugar o vindeiro 21 de decembro a partir das 21.30 horas no pavillón do colexio.

O menú da cea terá un custo de 30 euros para os adultos e de 15 euros para os nenos de entre 5 e 12 anos, incluíndo langostinos, churrasco mixto, criollo, pan, viño e refrescos, sobremesas e café.

Ademais, durante a festa haberá sorteos e ás 00.00 horas terán lugar as campanadas seguida da verbena co dúo Tropical e o Dj Patakiña. As persoas interesadas poderán apuntarse ata o vindeiro 17 de decembro.

DEPORTES



Impulsan o Proxecto Persoas, que fomenta o baloncesto inclusivo

A Fundación Breogán impulsa un ano máis a iniciativa de baloncesto inclusivo Proxecto Persoas impulsada pola dirixida a promover a práctica do baloncesto entre persoas con capacidades diferentes e que está apoiado de novo pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo. O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro e o director da Fundación Breogán Luis Abel Taboada, acompañados por representantes de Raiolas Lugo, Adace e Afalu, presentaron a terceira edición do proxecto.

A proposta ofrece unha alternativa de ocio e actividade física adaptada a persoas diversas con sesións de adestramento semanais no Pazo dos Deportes. O persoal da Fundación Breogán, co apoio das entidades colaboradoras, encargárase de dirixir estas sesións, que se desenvolverán os xoves, de 16.00 a 17.00 horas. As persoas interesadas en participar deste proxecto deportivo -dirixido a menores de 21 anos- poden anotarse a través do formulario dipoñible na web e nas redes sociais da Fundación Breogán.



Markytos lévase a navalla no Aberto do Ferro de billarda da Pontenova

Por Daniel Rodríguez Saavedra Ferosa mañá de domingo, aínda que ventosa, no campo da mina da Pontenova, onde nos xuntamos 81 paladores (56 homes, 15 donas e 10 cativos) para disputar o XIII Aberto do Ferro.

O gañador absoluto da navalla foi Markytos, quen comentou que lle tiña moitas ganas e que finalmente a conseguira. Segundo, o seu compañeiro Basilio e terceiro Collazo, do equipo Foucellas da Coruña. Alba foi a mellor das donas (nas

tres xornadas foi terceira, segunda e hoxe, primeira), e Geni e Pamela acompañárona no podio feminino. En infantís, Mateu, Diego e Mateo foron os mellores, aínda que tódolos cativos levaron un fermoso agasallo. En equipos os Billardeiros Musicais gañaron a xornada acortando a só tres puntos a diferenza cos líderes da tempada. Segundo posto para Troitas Bravas e terceiro para Carabullo. Rematamos a xornada cun inmellovable xantar de irmandade.

Remata o Rally San Froilán coa vitoria de Daniel Berdomás

Unha ano máis remata unha máis que exitosa edición do Rally San Froilán que tivo saída na Praza da Horta do Seminario, por onde desfilaron os 150 equipos que participaron na 46 convocatoria da proba lucense. O paso dos vehículos foi seguido por numeroso público, que deu conta da especial afección ao automobilismo na cidade e nas comarcas de Lugo. Daniel Berdomás e Brais Mirón conseguiron impoñerse cun Skoda Fabia R5 na cita, última proba para o Campionato de Galicia deste ano e onde o coruñés sumou a súa segunda vitoria consecutiva.

No segundo posto resultaron o lucense Francisco Dorado e Andrea Lamas co Citroën C3 WRC e o terceiro foi para Alberto Meira e Avelino Martínez co seu Skoda Fabia Rally2. Martínez facíase co título de campión galego de navegantes mentres que Alberto Meira lograva o título



de subcampión. Efrén Castro destacou a "alta participación de equipos lucenses, algún deles como Pablo López, gañador do Volante Deputación, debutando na competición, que converte este rally no máis emblemático e popular do campionato

galego". A Vicepresidencia da Deputación de Lugo é a principal patrocinadora da proba, que continúa esta fin de semana. Os pilotos volveron aos treitos de Outeiro de Rei, e correron tamén nos do Corgo, Láncara e Goián (Sarria).

Os clubs de Fútbol 8 poderán usar o campo do colexio San Lorenzo

O Concello de Lugo, a través da Concellería de Deportes, chegou a un acordo co Colexio Diocesano San Lorenzo para dispoñer do seu campo de Fútbol 8, facilitando o uso destas instalacións por parte dos clubs deportivos da cidade entre outubro de 2024 e xuño de 2025, coa posibilidade de estender esta colaboración a vindeiras tempadas. Este convenio forma parte da estratexia do Concello para reforzar os recursos dispoñibles e apoiar o crecemento continuo do tecido deportivo local, especialmente no ámbito do fútbol.

"Estas colaboracións permiten reforzar a aposta do Concello polo crecemento dos nosos clubs deportivos, incorporando máis recursos para atender as súas necesidades formativas e competitivas", destacou o concelleiro de Deportes, Jorge Bustos. O convenio inclúe o uso do campo, vestiarios e iluminación, sumando un total de 359 horas dispoñibles para os clubs da cidade, que poderán desenvolver tanto as súas actividades formativas como as competicións programadas. Esta nova colaboración enmárcase dentro dunha serie de medidas que

buscan potenciar o deporte local, non só a través de acordos con entidades privadas, como o convenio alcanzado con Somos Fútbol, senón tamén coa optimización de instalacións municipais xa existentes, como o campo de Sanfiz no que se está efectuando unha mellora paulatina.

O acordo con Somos Fútbol permitirá aos clubs da cidade utilizar as súas instalacións cubertas en Conturiz os sábados pola mañá, entre outubro e xuño, sen custo para as entidades deportivas, xa que o Concello asume o alugueiro. No caso de San Fiz as melloras xa efectuadas incluíron a instalación de catro torres de iluminación que permiten ampliar o horario de uso, a adecuación do terreo de xogo, a modernización dos vestiarios e zonas de almacenamento de material, así como a colocación de baños químicos e un peche perimetral reforzado para garantir a seguridade. Estas actuacións permitirán que os clubs de fútbol tanto de base como federados poidan contar cunha nova dotación para desenvolver tanto os adestramentos como os compromisos competitivos.

Sergio Fernández e Danel Rodríguez gañan o Open San Froilán de billar

Un ano máis rematou o Open San Froilán de Billar. Na competición de parellas, celebrada o venres 11, Sergio Fernández e Daniel Rodríguez resultaron gañadores, quedando en segunda posición Jaime Fontal e Iván Rey.

O sábado 12 foi a quenda da Competición Individual na que gañou Temi Leyenda, seguido de Heriberto Vivar, Jorge Blanco, Rafael Vidal.

Ademais, tamén se celebrou o Open San Froilán de Dardos o sábado 12 no Club Tiempos Modernos. Javier Gómez proclamouse campión, seguido de Nacho Tey e Jesús López.

O club Lume iniciou a súa actividade o 19 de outubro en Friol

O club de béisbol Lume comezou o pasado 19 de outubro a súa andaina en Friol iniciando os adestramentos. Estes terán lugar todos os sábados, de 11.00 a 13.00 horas no pavillón polideportivo de Friol. Esta actividade está dirixida a nenos e nenas desde terceiro de Primaria ata segundo da ESO. Para a mocidade de terceiro e cuarto da ESO hai tamén adestramentos pero estes terán lugar en Lugo.

“Este ano imos a polo título en todas as categorías”

Lóstregos Lucus, que cumpre 23 anos, espera alcanzar unhas 150 licenzas

Lucía Blanco

Trátase dun dos equipos de hóckey en liña e club de patinaxe consolidados non so na cidade, senón tamén a nivel galego. Aínda que despois de 23 anos, Lóstregos Lucus mantén o seu obxectivo inicial: “Seguir sendo unha familia que foi como se creou ao comezo, no 2001, cando eran un grupo de amigos que quería patinar e foi aumentando a xente ata que decidiron ampliálo á disciplina de hóckey”, conta Alberto Fernández, o presidente. Arrancan unha nova tempada na que esperan reunir a uns 150 e 200 licenzas de federados tanto de Lugo como de concellos limítrofes e continuar fomentando o deporte na urbe.

Moven practicamente todas as categorías. Que idades abranguen?

Temos agora mesmo como oficiais catro categorías en liga nacional e extraoficial unha, que é como unha especie de liga privada pero xestionada pola Propia Federación Española. Temos xente dende os 4 anos, que sería o máis pequeno, ata a persoa máis maior que pode ter case 60. Trátase dun deporte que non entende de xeracións.

Ao final moita xente maior que hai está en patinaxe porque os

nenos empezaron a facer hóckey ou patinaxe e eles tamén se foron animando nalgunha xornada de portas abertas que organizamos, foilles gustando e acabaron apuntándose.

Están inmersos neste novo curso despois de despedir unha tempada que deixou moi bo sabor de boca. Que balance fan?

Facemos un balance positivo porque mantemos as 4 categorías a nivel nacional e despois a nivel autonómico conseguimos o título en practicamente todas as categorías. A única categoría na que non o logramos foi na alevín e despois na xuvenil e na prebenxamín porque non nos presentamos.

Cales son os obxectivos agora?

A previsión é conseguir o título en todas, porque mesmo nos apuntamos nalgunha categoría máis aquí en Galicia e a nivel nacional na xuvenil tamén queremos pelexar polo título. Eses logros tamén son como unha recompensa a todo o traballo, porque dedícanlle moitas horas.

O hóckey sobre patíns asóciase moitas veces cunha práctica violenta, aínda que é todo o contrario. A que se debe?

A xente asóciaio ao hóckey sobre xeo,

ao típico que se ve na televisión que só se ven pelexas, polo que a moita xente dálle medo probar. Pero ao final non ten nada que ver con iso. Nós se nos chegamos a pelexar igual botamos 3 anos sen xogar por estar sancionados. Aínda que compartimos o que son as proteccións, as regras non teñen nada que ver. Si que permite un contacto, pero non tan agresivo.

Que valores se promoven?

Ao final é un deporte colectivo no que ti so non vas a facer nada. Podes meter un gol, pero se non tes persoas por detrás e un porteiro non che vai a servir de nada. Foméntase a unión entre os compañeiros e que se leven ben dentro do que é o equipo e a pista.

Ademais, falamos dunha práctica moi completa. Custa empezar?

Ao principio é máis medo que outra cousa. Parece máis complicado dende fóra do que realmente é. A xente despois de dúas clases adoita estar patinando ela soa. Nós estamos a dispoñibilidade da xente de calquera idade e unha vez que probas é un deporte que che vai gustar porque é moi san a nivel vida, faiche fai mover moito os músculos e necesitas resistencia. É moi completo.



Se se compara con outras disciplinas, segue a ser unha das minoritarias. Vai en aumento a afección?

Si, sobre todo a nivel galego. Eu levo xa 9 anos e cando empecei eramos sobre unhas 40 persoas e equipos aquí en Galicia estabamos nós e dous equipos máis en Lugo, pero

non había nas diferentes cidades. Agora mesmo aquí seguimos sendo 3 equipos, en Ourense hai un; outro en Ribadeo, aínda que non compite todos os anos; na Coruña contan con 3 e en Vigo habería outro, pero son recentes e non teñen aínda moita afluencia.

A cidade será sede este mes da Semana do Deporte Antigo

Lugo converterase na sede da Semana Nacional do Deporte Antigo do 13 ao 23 de novembro nun evento que atraerá á cidade a máis de cincuenta atletas e especialistas de toda España.

Organizado pola Área de Xuventude e Deportes do Concello de Lugo, xunto coa asociación Lucius Spiculus Divulgación, o evento propón unha programación diversa, con conferencias, exhibicións e competicións abertas a todos os públicos.

Entre as actividades máis destacadas desta semana, inclúese o V adestramento nacional de gladiatura, que en edicións anteriores celebrouse en cidades como Tarragona e Madrid. Os adestramentos, abertos ao público, permitirán aos asistentes observar de preto as técnicas e prácticas destes antigos combates.

Así mesmo, o día 23 celebraranse os Xogos Panhelénicos no Campo Municipal de As Pedreiras, onde o público poderá experimentar disciplinas deportivas da antigüidade e presenciar unha competición de nivel nacional.



Entre os poñentes de prestixio que participarán, destacan Alfonso Mañas, doutor en Historia do Deporte, experto en gladiatura, investigador da Universidade de Berkeley e membro do Consello Editorial de The International Journal of the History of Sport; Juan Tranche, editor e divulgador sobre a Antiga Roma e autor da novela Spiculus; Fernando Barriales, recreador histórico especializado en gladiatura e creador de musealizacións; e Javier Romay, fundador de Lucius Spiculus Divulgación e espe-

cialista en deportes antigos. Cada un deles achegará o seu coñecemento para enriquecer esta semana única de divulgación histórica. Lucius Spiculus Divulgación, que coorganiza estas xornadas, traballa desde a súa fundación en 2020 para recrear e dar a coñecer o deporte da antigüidade cun rigor e compromiso que os levaron a participar en eventos tanto nacionais como internacionais. Esta asociación tamén tivo presenza en encontros de renome en cidades como Mérida, Turín e Roma.

O equipo feminino do Xabaríns Lugo ascende a Primeira Galicia sénior



O equipo sénior feminino do Club Xabaríns Volei Lugo vén de conseguir o ascenso a Primeira Galicia, a categoría de ouro do voleibol galego.

Desta maneira, as do equipo lucense enfrontáronse contra o equipo Xiria Volei de Carballo na Casa do Deporte de Lugo, rematando cun resultado de 3-0 e certificando así o seu ascenso a 1ª división autonómica “tras vencer con solvencia na casa”, destacan.

Era este o encontro de volta da fase final e as de Carballo viñan coa vontade de remontar o 1-3 da ida, “mais non foron quen de crear moito perigo ao equipo local. Coa axuda dunha afición máis enfevorida que nunca, Xabaríns foi capaz de pechar o partido sen moita dificultade. Así, a categoría sénior feminina comeza a temporada da maneira máis doce e volve estar no máis alto do voleibol galego”, explican desde o Club Xabaríns.



O Biosbarido sobe ao alto do podio no Trail Canóns do Sil e na 10K Ames

Os deportistas do Biosbarido estiveron repartidos por varias probas e retos das xeografías galega, asturiana, castelá e tamén madrileña. Ata unha das clásicas, o Trail Canóns do Sil, en Parada de Sil, desprazáronse para competir na proba en diversas distancias. Fran Sobrado fíxose coa vitoria absoluta na modalidade de 8k dominando de principio a fin e aumentando a distancia cos seus perseguidores no último tramo de carreira.

Kenia Estrada proclamouse subcampioa absoluta na distancia de 17 quilómetros, realizando unha gran segunda parte de carreira remon-

tando dúas posicións para meterse no podio. Fran Pascual protagonizou un dos "sprints" do día ficando a tan só unhas décimas do podio, que caería a favor do atleta do Arenteiro, Xenxo Laso. Finalmente Fran, coa súa 4a praza absoluta proclamábase subcampión máster.

Na 10K Ames, proba homologada, marcada por unha climatoloxía dura, destacaron dous nomes no circuíto de Bertamiráns.

Tamara García foi campioa sénior cun tempo de 38'58", sendo cuarta da clasificación e Emilio Montilla proclamouse campión veterano cun tempo de 35'53".



O Shihan arrasa no XLVI Trofeo Princesa de Asturias con 5 metais

Catro deportistas da Escuela Deportiva Shihan citáronse en Oviedo para participar no XLVI Trofeo Princesa de Asturias, unha cita na que se reuniron máis de 500 participantes duns 22 clubs de distintos puntos da xeografía española. Finalmente, as representantes do club lucense lograron 5 metais, 2 ouro, 1 prata e 2 bronce. Iria acadou un primeiro posto en Kata Infantil tras gañar os 5 encontros con solvencia e ademais tamén se levou unha prata en Kumite Infantil -40 kg tras perder por un axustado 1-0 na final.

Uxía sumou un ouro en Kata Xuvenil tras vencer 5-0 os 5 encontros e un terceiro posto en Kumite Juvenil +45 kg. Pola súa parte, Ángela tamén

levou un bronce en Kata Infantil tras perder unicamente coa subcampioa. Marta perdeu o bronce 3-2. Deste xeito, amosan o seu gran nivel con estas 4 grandes deportistas e comezan a tempada cunha boa toma de contacto para as vindeiras citas.

CINTO NEGRO. Once membros do club desprazáronse ata a capital autonómica para levar a cabo as probas para lograr o cinto negro de kárate. Lucas Meilán, Jorge Pérez, Mateo Méndez, Xiana González e Abril Mazoy pasaron o cinto negro 1º dan. Pola súa parte, Uxía Folgueira, David Enríquez, Raúl López, Pedro Buide, Bruno Fernández e Adrián Martínez aprobaron o cinto negro.



O CD Lugo feminino xogou por primeira vez no Anxo Carro

O equipo feminino do Club Deportivo Lugo xogou por primeira vez na historia da entidade no estadio Anxo Carro, enfrontándose contra o Real Sporting de Xixón B.

As albivermellas, que xogaron na casa nunha tarde pasada por auga, puxeron todas as súas forzas no partido, no que a xogadora Asia conseguiu anotar un tanto, igual que as contrincantes, que tamén marcaron un gol.

Desta maneira, centos de persoas achegáronse ao Anxo Carro para ver este encontro histórico, que, ademais, o adestrador das albivermellas definiu como "unha festa", mentres que as albivermellas, representadas por Asia, cualificaron o evento de "unha experiencia enriquecedora para todas", compartindo a opinión da capitá, Yanire Reimóndez, que nunhas palabras a LugoXA sostiña que esta era "unha oportunidade única".

Yanire Reimóndez, xogadora e unha das capitás do equipo feminino do CD Lugo, valoraba xa este enfrontamento antes dos mesmo "con moita ilusión e ganas, xa que é unha gran oportunidade para que o fútbol feminino teña apoio".

Reimóndez comezou a xogar no Club Deportivo Lugo hai catro tempadas, na 2021-2022, despois de que a fichara Joaquín, o adestrador do equipo, coa necesidade de que

"houbera un cambio no equipo e poder ascender, polo que decidín vir para aquí con varias das miñas compañeiras do Friol. Así, as dúas primeiras tempadas que estiven no club, estabamos en 1ª galega, e despois ascendemos a 3ª RFEF".

Este ano, ademais, foi elixida como capitá, polo que se sente "moi agraecida por que confíen en min e un orgullo porque ao ser da zona, representamos ao club da provincia e ademais eu son unha persoa que intenta sempre que o grupo estea unido e iso transmítese no campo. Non son a única, todas as capitás complementámonos no campo e entre todas levámonos moi ben, capitás e xogadoras, xa que non facemos distincións reais, e todo iso fai que funcione o equipo, porque nos levamos ben, somos unha pequena gran familia", destaca.

UN EQUIPO DE FUTURO. O equipo feminino A está formado por Asia, Berta, Blanca, Candela Otero, Candela Vázquez, outra Candela Vázquez, Edurne, Erica, Ester, Esther, Iona, Iria Pérez, Lola, María, Noa, Paula Casado (Goico) e logo está Bárbara, a fisioterapeuta e Marian, a preparadora física, ademais do adestrador e unha coordinadora.

Con estas xogadoras, o equipo ten como obxectivo seguir traballando e mellorar os resultados nesta tem-

pada, "sendo constantes e conseguir manternos un ano máis nesta categoría", explica Yanire. Pero, para conseguilo, hai que seguir os valores do respecto, o compañeirismo e o compromiso co equipo e co club "porque non vivimos disto, non é profesional e Iria, por exemplo, ven 4 días desde Chantada e adestrar as 21.00 horas, polo que intentamos cadrar entre o traballo e o deporte", explica.

Con respecto ao estilo de xogo que van levar a cabo durante esta tempada, di que é "parecido ao dos chicos, pero no noso destaca manter a posesión, intentar xogar combinado, cada partido é un mundo... Somos un equipo bastante defensivo e imos á contra, pero tamén hai partes do xogo nas que temos que presionar alto", comenta.

Con todo, di que é "moi necesario poñer en valor o fútbol feminino, xa que é un deporte en crecemento, aínda que falta moito por facer. A creación das seccións femininas e xogar en estadios é unha mostra de que imos por bo camiño, xa que eu cando empecei a xogar non existían equipos femininos, por iso a min faime moita ilusión xogar no Anxo Carro. É unha oportunidade, porque vemos que o club aposta por nós e nos ten en conta para darnos visibilidade. Así, a xente de Lugo ve que hai un equipo feminino unha categoría nacional", conclúe a futbolista.

O Ribeira cae na final da Copa Deputación de FS feminino

Despois de cinco xornadas, a Copa Deputación de Fútbol sala sénior chegou ao seu final, unha competición non oficial que patrocina a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e na que participaron 40 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina.

Despois das fases anteriores, o pa-

villón Jonathan Carro de Guitiriz foi o escenario das tres finais, dous na masculina e unha na feminina.

Na feminina, o Burela B derrotou ao Ribeira por 2-5. O equipo mariño foi o último en clasificarse, logo de vencer esta semana ao Praias de Barreiros. Anteriormente goleou ao Meigallos. Foron as luguesas as que abriron a caixa dos goles xa no 4', aínda que ao minuto seguinte as la-

ranxas xa tiñan empatado e lograron abrir fenda ata o 1-4 antes da pausa. Na segunda metade, o Burela B volveu marcar e achegouse pouco despois o Ribeira de novo.

Na Primeira División, o Korreo Guitiriz gañou con moita solvencia ao Insuas do Miño Galical Rábade (8-0). Na Segunda División Masculina o FSF Castro superou por un axustado 6-5 ao equipo sarriá Luisitalla.

COLABORACIÓNS

Educar desde a alegría e o bo humor

O PUPITRE



Julio Díaz

Se algo me satisfai é atoparme cun exalumno e recorde que bota en falta aquelas agradables e divertidas horas de clase que compartiamos.

Os estudos demostran que as nenas e nenos que se rin en clase, desenvolven con maior facilidade habilidades de comunicación e pensamento crítico, son capaces de tourear facilmente co estrés e presentan niveis máis altos de entusiasmo, confianza, autonomía e interese por aprender.

“É máis fácil obter o que se desexa cun sorriso que coa punta dun-

ha espada” dicía William Shakespeare.

Reflexionando sobre a miña práctica educativa, analizando os momentos nos que os meus alumnos foron verdadeiramente felices e participativos, cando a aprendizaxe fluía con máis facilidade, coincide ademais da metodoloxía empregada cun clima de bo humor dentro da aula.

Demóstrase que o humor baseado no respecto é unha poderosa ferramenta para construír un ambiente agradable e integrador nas aulas e ademais senta as bases dunha relación positiva dentro do grupo, polo que se reduce en grande medida a posibilidade de conflitos nas aulas.

O que resulta complicado é calibrar os límites dese humor nas

nas aulas, o que a unha persoa lle parece divertido, a outra pódelle molestar debido a súa situación persoal ou á forma de percibilas. Debemos ser moi coidadosos cos comentarios e cos actos evitando que degraden ou avergoñen a quen nos diriximos, debemos evitar o uso de alcumes e de etiquetas, escapar de bromas que violenten ás persoas que o reciben e ter moito coidado con aquel sarcasmo que leva unha reprimenda disfrazada de humor. Introducendo unha dose de humor nas nosas clases conseguimos un ambiente máis relaxado e de confianza, axuda a diminuír o estrés do alumnado e a ver a realidade de forma menos dramática. Mellórase moito a relación alumno-profesor creando un clima máis

participativo, tendo menos medo a equivocarse vendo ao seu “profefe” moito máis próximo. Ollo que utilizar este recurso non pode supor que os alumnos e alumnas che perdan o respecto!

É de destacar que o humor vinculado a aprendizaxe mellora a retentiva dos nosos estudantes, recordando conceptos ou ideas durante máis tempo. Quen non recorda anécdotas divertidas co seu profesor que axudaron a comprender determinados contidos! Cando im-

partes unha clase e inclúes un comentario divertido, unha anécdota ou un chiste, rompes a dinámica do mesmo e dás un respiro captando de novo a atención daqueles que xa desconectaron.

O humor é un elemento cotián, está presente nos medios de comunicación, nas reunións cos amigos, no entorno familiar, no traballo... é un elemento inherente á nosa condición de seres humanos. Non a desbotemos no ámbito educativo.

Os novos galegos

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nesta mesma columna tense aludido en diversas ocasións a unha das características que describe á Galicia interior e rural, o avellentamento da poboación e conseguinte despoboamento, fenómeno que non resulta en absoluto alleo á nosa bisbarra. Unha ollada á evolución dos padróns municipais dos distintos concellos que a constitúen serve para corroborar esta circunstancia. As consecuencias delo afectan ao desenvolvemento cotián das aldeas, parroquias e vilas. Cada vez somos menos e máis vellos, xa que o sector denominado terceira idade triplica ao constituído por xoves e nenos. Temos unha pirámide invertida, cunha base cada vez máis estreita, ensan-

chándose o cumio da mesma. Resulta desolador falar deste tema, porque semella que a tendencia dificilmente será modificada, non albiscando solucións inmediatas. Esta realidade tamén ten os seus efectos no mundo laboral, onde está resultando excesivamente complicado cubrir certos postos de traballo. Exemplos temos de abondo, como o relacionado coa atención a persoas maiores e dependentes, tanto no fogar como en centros residenciais. A carencia de perfís profesionais dedicados aos coidados do colectivo sinalado é de extraordinaria gravidade, xa que a demanda de atención estase a incrementar de maneira constante, sendo de gran complexidade dar a resposta axeitada desde os servizos sociais por esa falta de persoal. Pero similar problema observamos noutros campos, como a construción, hostalaría e restauración ou o gandeiro, escoitando que non se atopan candidatos

para cubrir ofertas laborais en bares ou nas granxas. Non hai xente para traballar e/ou non se quere traballar, oímos habitualmente. Pero o certo é que no mencionado nas primeiras liñas do artigo atopamos a causa, na inexistencia de recambio xeracional, o que afecta aos negocios, sobre todo a aqueles de carácter familiar, polo que na meirande parte dos casos encamiñanse a un irremediable peche.

Por todo isto, non nos poden sorprender novas como a chegada de máis dun cento de cidadáns peruanos á nosa comunidade para traballar, tras seren previamente seleccionados e formados no seu país de orixe. Ocupacións como soldadores, electricistas, mecánicos ou condutores de autobús, para as cales non hai candidatos autóctonos, serán desenvoltas por empregados que veñen do Novo Mundo. Homes e mulleres que deixan polo xeral unha situación de precariedade

O RECUNCHO DE CANELINA



e vulnerabilidade, que veñen as veces sós e outras coas súas familias e supoñen un impulso económico moi importante na nosa sociedade. O fenómeno da inmigración non resulta alleo cando vemos estranxeiros atendendo a cantina do polígono industrial, muxindo vacas nunha moderna explotación gandeira, ou coidando un usuario do servizo de axuda a domicilio municipal. E se acudimos aos centros de ensino, veremos aulas onde se mesturan

razas, linguas e culturas polas distintas procedencias dos alumnos, compartindo estudo e xogos cos nenos nados aquí. A carón da nosa porta observamos este panorama. Son os novos galegos, eses que cruzaron o Atlántico para chegaren acá e realizar o seu proxecto de vida. Un gran desafío queda por diante, en sermos quen de acoller e integrar toda esa variedade de xente dentro das nosas comunidades.

DE RUTA EN RUTA

Rábade: A ruta dos tres municipios

Parte da Lagoa do Rei e atravesa tamén os concellos de Begonte e Outeiro de Rei durante un percorrido de 8,5 quilómetros

A ruta dos tres municipios é un percorrido deseñado polos alumnos do Colexio Especial de Santo Anxo e que recibe este nome porque pasa polas terras de Rábade, Begonte e Outeiro de Rei. Conta con 8,5 quilómetros para desfrutar da paraxe natural e patrimonial desta contorna de dificultade baixa e aproximadamente dúas horas de duración.

A Lagoa de Rei é o punto de inicio deste percorrido, un enclave natural que forma parte da Reserva da Biosfera Terras do Miño e que durante os últimos anos, a través do programa Life Fluvial da UE recibiu varias melloras, entre as que se atopou o acondicionamento do observatorio de aves. Ademais, tamén se mellorou o trazado de unión da mesma co río Miño e coa ruta perimetral rabadense, unha que percorre todo o termo municipal.

Antes de dar comezo a esta ruta dos tres municipios poderemos facer unha pequena visita en Rábade para coñecer o seu patrimonio cultural, entre o que se atopan dúas casas e unha capela propie-



dade da familia González-Barreira. Ademais, poderemos ver o Pazo de Miraflores, unha estrutura rectangular de dúas plantas que loce na súa fachada principal e na galería lateral sendos escudos. Tamén as tres pontes que cruzan o leito do Miño, unha delas posiblemente de orixe romano.

Desde este punto tomaremos dirección oeste e continuaremos o camiño que atravesa a zona de Carpaciñas, onde poderemos observar unha pequena ermida. Seguindo o itinerario chegaremos a Santo Estevo de Uriz, onde podemos facer unha pequena parada para visitar a igrexa parroquial. Esta construción eclesiástica foi moi remodelada recentemente, e conta con planta de cruz latina ademais dun retablo maior e dous laterais.

Volvendo ao camiño, deberemos percorrer uns cantos metros para tomar unha pequena desviación a man esquerda onde as casas de

pedra conformarán a paisaxe durante este tramo ata que un novo sendeiro nos achegará ata a beira do río Ladra, importante afluente do Miño. Xusto neste punto poderemos observar un vello muíño.

Aquí dá comezo un tramo dun quilómetro no que atoparemos o regato das Regas e o noso itinerario continuará pola dereita ata chegar a un grupo de casas que xa pertence ao lugar de Caboi. Den-

de aquí tomaremos unha desviación á dereita que nos conducirá de volta a Santo Estevo de Uriz e Astariz. Para rematar, xiraremos á esquerda e o camiño levaranos de volta ao punto de partida.



DATOS



2 horas



8,5 quilómetros



Dificultade baixa



3.777,00 €
2.899,00 €

*Últimas unidades a este precio cómpralo agora y págalo en 12 meses sin intereses

TRACTOR CUB CADET LT2 NR92

Motor: Cub Cadet OHV - 439 cc. Potencia: 15 HP.
Ancho de corte: 92 cm. Tracción: Hidrostático.
Capacidade recogedor: 240 l.
Ajuste altura de corte: 5 posiciónes



MILLAVEN

AGRICOLA-JARDIN-OCIO



MOTOSIERRA HUSQVARNA 120 MARK II

Motor: Husqvarna 38,2 cm³ - 1,4 kW.
Ancho de hoja: 35 cm.
Velocidad cadena: 3/8 BP-1,3 mm.
Peso: 4,85 kg.

1,4 kW 438,2 cm³ 35 cm 3/8 BP-1,3 mm 4,85 kg

FINANCIACIÓN**
12 PAGUE EN MESES SIN INTERESES

Ctra. de Santiago Km.3 (Salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo
Telf.: 982 046 047 - info@millaven.com - www.millaven.com